

**INSTITUTO GALEGO DE MEDICINA TÉCNICA, S.A.
EXERCICIO 1997**

**INFORME DE FISCALIZACIÓN DO CONSELLO DE CONTAS
DE GALICIA**

CONTIDO DO INFORME

	<u>PÁXINA</u>
1.- INFORME DE FISCALIZACIÓN ELABORADO POLO CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA CORRESPONDENTE ÁS CONTAS ANUAIS DE 1997.....	5
2.- ALEGACIÓNS FORMULADAS POLO INSTITUTO GALEGO DE MEDICINA TÉCNICA, S.A. Ó INFORME DE FISCALIZACIÓN CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO 1997.....	39
3.- RÉPLICAS DO CONSELLO DE CONTAS ÁS ALEGACIÓNS FORMULADAS POLO INSTITUTO GALEGO DE MEDICINA TÉCNICA, S .A. Ó INFORME DE FISCALIZACIÓN CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO 1997.....	95
4.- CONTAS ANUAIS FORMULADAS POLO INSTITUTO GALEGO DE MEDICINA TÉCNICA, S.A. CORRESPONDENTES Ó EXERCICIO ANUAL REMATADO O 31.12.97.....	115

**INFORME DE FISCALIZACIÓN ELABORADO POLO CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA
CORRESPONDENTE ÁS CONTAS ANUAIS DE 1997.**

ÍNDICE

PÁXINA

I. INTRODUCCIÓN

Antecedentes da fiscalización.....	9
Descrición do organismo.....	9

II. ANÁLISE DOS ESTADOS FINANCEIROS

Balance de situación.....	10
Conta de resultados.....	13
Liquidación do orzamento.....	17

III. ÁREA DE PERSOAL E CONTRATACIÓN DE BENS E SERVICIOS. ANÁLISE DE CUMPRIMENTO.

Gastos de persoal. Retribucións.....	18
Selección e contratación de persoal.....	19
Servicios exteriores.....	21
Adquisición de bens, equipos e subministrados.....	24

IV. ACTIVIDADE DA SOCIEDADE. ANÁLISE DA XESTIÓN

Aspectos xerais.....	25
O PAIF e o orzamento de explotación e capital.....	26
O convenio para a prestación de servicios sanitarios.....	27
Outras actividades da sociedade.....	31

V. CONCLUSIÓNS.....

VI. RECOMENDACIÓNS.....

I. INTRODUCCIÓN

Antecedentes da fiscalización.

1.1. O Pleno do Consello de Contas, por acordo do 23 de decembro de 1998, aprobou o programa anual de traballo para o ano 1999 correspondente á fiscalización selectiva do exercicio 1997, no que se contempla a realización, a iniciativa do propio Consello, das presentes actuacións relativas á sociedade pública MEDTEC, S.A.

As directrices técnicas ás que debía someterse a fiscalización foron incluídas no programa aprobado polo Pleno.

1.2. De conformidade co disposto no art. 4 da Lei 6/85, do 24 de xuño, de creación do Consello de Contas, nesta fiscalización establécense os seguintes obxectivos:

a) verificación da fiabilidade dos rexistros e estados contables e a súa representación da situación e variacións económico-patrimoniais da sociedade.

b) comprobación de que a súa xestión se realiza de conformidade coa normativa de aplicación.

c) análise dalgúns aspectos da xestión do organismo.

Descrición do organismo.

1.3. O Instituto Galego de Medicina Técnica, S.A. é unha sociedade pública autonómica adscrita ó SERGAS, de capital integramente público, que ten como obxectivo prioritario a planificación, avaliación, adquisición e explotación de recursos sanitarios de alta tecnoloxía. Foi creada polo Decreto 229/1994, do 14 de xullo, do Consello da Xunta e constituída en escritura pública o 11 de agosto de 1994, cun capital social de 350 millóns de pesetas. Como sociedade pública, encádrase nas reguladas no art. 12.1.a) da Lei 11/92, do 7 de outubro, de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia.

1.4. O obxecto social descrito nos seus estatutos está constituído polas seguintes actividades:

- xestiona-la prestación de servicios sanitarios especializados e integrais e prestación de alta tecnoloxía sanitaria.

- asesoría no desenvolvemento de planos organizativos, operativos e loxísticos.

- deseño e implantación de sistemas.

- consultoría en xestión sanitaria, protección radiolóxica, radioloxía, radioterapia e tecnoloxías afíns.

- control de calidade en protección radiolóxica, radioloxía, radioterapia e tecnoloxías afíns.

- explotación de instalacións sanitarias de alta tecnoloxía.

1.5. A dirección, goberno e administración corresponden á Xunta de accionistas e ó Consello de administración, que conta cun presidente, que será o do SERGAS, e un secretario. Como órgano persoal executivo da sociedade existe un director xerente, nomeado polo Consello a proposta do presidente.

A estrutura organizativa inferior establécese entorno a tres áreas de actividade:

1) As unidades de alta tecnoloxía (cirurxía cardíaca, cardioloxía intervencionista, medicina nuclear, diagnóstico por imaxe e, a partir do 23 de maio de 1997, oncoloxía radioterápica), sitas nos hospitais Meixoeiro e Xeral-Cíes de Vigo, que dispensan os servicios asistenciais especializados que a sociedade presta ós beneficiarios da seguridade social. Ó fronte de cada unidade existe un director técnico e están coordinadas por un coordinador asistencial.

2) A área de consultoría e organización, dentro da que se encadran os servicios de administración central desenvolvidos na sede de Santiago de Compostela, é a responsable das tarefas de xestión de recursos humanos e da económico-financeira. Xestiona ademais, a través dunha dirección de consultoría, a Central de Coordinación de

Urxencias 061 e outros programas e asistenciais técnicas encomendadas pola Consellería de Sanidade e Servizos Sociais.

3) A área de Física médica, localizada dentro dos servizos administrativos centrais, ten por obxecto dar resposta ás demandas de consultoría e protección radiolóxica que se lle formulen, fundamentalmente polo SERGAS.

1.6. O cadro de persoal ó servizo do Instituto, a 31.12.97, estaba composto por 228 traballadores, dos cales dous tiñan unha relación de alta dirección, 28 eran laborais fixos e o resto laborais temporais.

II. ANÁLISE DOS ESTADOS FINANCEIROS

2.1. A fiscalización dos estados financeiros do MEDTEC, S.A. centrouse en certos aspectos que este Consello considerou fundamentais pola materialidade do seu importe, polo concepto que recollen ou polo risco que supoñen; concretamente, as áreas de inmovilizado, fiscal e ingresos.

2.2. As contas anuais da sociedade correspondentes ó exercicio 1997, que comprenden o balance de situación, a conta de perdas e ganancias e a memoria, foron auditadas por Arthur Andersen Auditores, S.A. y Cía., S.Com., presentando unha opinión favorable, agás –segundo se indica no seu informe- polos efectos de calquera axuste que puidera ser necesario se se coñecera o desenlace final das incertezas referidas ó tratamento fiscal aplicable ós servizos que MEDTEC, S.A. presta na xestión da Central de Coordinación de Urxencias 061.

Balance de situación

Gastos de establecemento.

2.3. O movemento desta conta durante o exercicio 1997 foi o seguinte:

Saldo a 31.12.96	65.379.571
Adicións	32.739.043
Amortizacións	(16.348.589)

Saldo a 31.12.97	81.770.025

2.4. As adicións producidas en 1997 responden á posta en marcha da Unidade de Oncoloxía Radioterápica, que entrou en funcionamento o 23 de maio dese ano. Un 64% destes gastos corresponden a retribucións de persoal.

Inmovilizado inmaterial.

2.5. O saldo desta conta a 31.12.97, coas adicións respecto do exercicio anterior, amósase no seguinte cadro:

CONCEPTO	SALDO A 31.12.96	ADICIÓN E TRASPASOS	REDUCIÓN E TRASPASOS	SALDO A 31.12.97
Prop.industrial	1.307.771	8.592.000	--	9.899.771
Aplic. informáticas	16.338.305	10.822.005	--	27.160.310
Der. Sobre bens arrend. financ.	591.946.778	199.369.598	(63.326.935)	727.989.441
Der.bens reserva dominio	6.313.680	--	--	6.313.680
Total:	615.906.534	218.783.603	(63.326.935)	771.363.202
Amortizacións	(40.442.275)	(125.000.778)	1.329.120	(164.113.933)
Valor neto	575.464.259	93.782.825	(61.997.815)	607.249.269

2.6. A conta “Propiedade industrial” recolle os gastos ocasionados polo deseño e rexistro do logotipo e nome comercial da empresa. As adicións practicadas en 1997, por importe de 8.592.000 pesetas, corresponden ó deseño da identidade visual e elaboración do Manual Corporativo para a Central de Coordinación de Urxencias 061. Sen embargo, este gasto non debe contabilizarse como activo da sociedade por non aportarlle capacidade de xerar ingresos futuros e, ademais, referirse a un servizo que é xestionado en virtude dun convenio temporal, por encargo da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais.

En consecuencia, o saldo do inmovilizado inmaterial do activo do balance e a conta de resultados do exercicio están incrementados en 8.592.000 pesetas.

2.7. A conta “Aplicacións informáticas” experimentou adicións por adquisicións de pequeno

importe, sendo a máis significativa de 3.712.000 pesetas.

2.8. O saldo máis importante do inmovilizado inmaterial é o que representa a conta “Dereitos sobre bens en réxime de arrendamento financeiro”. A empresa contabiliza estas operacións de arrendamento como inmovilizado inmaterial polo valor dos bens e, como débeda, o importe das cotas de amortización do principal máis os xuros. Os xuros contabilízanse como gastos a distribuír en varios exercicios e impútanse a resultados seguindo criterios financeiros. Comprobase que tódolos contratos asinados en 1997 posúen unha opción de compra polo MEDTEC, S.A., aínda non comprometida.

2.8.1. Os bens adquiridos mediante esta modalidade de arrendamento financeiro comprenden tanto maquinaria de tecnoloxía sanitaria como mobiliario e aplicacións informáticas.

2.8.2. O recurso do MEDTEC, S.A. á fórmula de arrendamento financeiro posúe a vantaxe de evitar o risco de obsolescencia dos equipos de alta tecnoloxía no suposto de non exercita-la opción de compra. Non obstante o custo destas adquisicións vese incrementado cos gastos e xuros que gravan estas operacións¹. En total, a débeda existente a 31.12.97 ascendía a 677.975.927 pesetas, desglosada do seguinte xeito:

Concepto	Longo Prazo	Curto Prazo	Total
Principal	462.677.953	134.052.395	596.730.348
Xuros	48.198.113	33.047.466	81.245.579
	510.876.066	167.099.861	677.975.927

2.8.3. A utilización desta fórmula leva á sociedade a unha situación de endebedamento importante. O ratio que reflicte este indicador, que sinala a relación entre a débeda total e os fondos propios, sitúase nun índice de 4,5, sobrepassando o nivel de endebedamento razoable.

2.8.4. Débese ter en conta que este elevado endebedamento, así como o maior gasto asumido nas adquisicións con esta fórmula de arrendamento, cuestiona a disciplina financeira que se trata de

¹ Parágrafo modificado como consecuencia das alegacións.

impoñer no gasto sanitario con esta nova forma de xestión e permítelle á administración titular dos servicios que xestiona a sociedade asumir un endebedamento que non se ve obrigado a recoñecer nin reflectir no gasto público.

2.9. A conta “Dereitos sobre bens en réxime de arrendamento financeiro” recolle unha baixa por importe de 59.969.159 pesetas como consecuencia da rescisión do contrato relativo ó arrendamento dun equipo de simulación virtual. A anulación desta operación prodúcese porque a empresa subministradora, General Eléctrica, non puido solventar, dentro do prazo establecido no contrato, as dificultades de conexión técnica entre os distintos equipos. Verificouse esta cancelación nas correspondentes contas de inmovilizado inmaterial, gastos a distribuír en varios exercicios e provedores.

Non obstante, aínda existindo a imposibilidade de utilización deste equipo pola empresa e unha vez anulada a operación de arrendamento financeiro, o MEDTEC, S.A. comprométese, por encargo do SERGAS plasmado nun convenio de colaboración, a adquiri-lo equipo por un prezo de 33 millóns de pesetas (incluído IVA), financiándoo con cargo a unha subvención de capital polo mesmo importe concedida polo Servicio Galego de Saúde. Unha vez adquirido, o Instituto pon o equipo a disposición do SERGAS a través dun contrato de comodato ou cesión de uso grauíto.

Independentemente de que a adquisición deste equipo puidera ser oportuna pola súa idoneidade técnica e as vantaxosas condicións económicas, a adquisición polo MEDTEC, S.A. a sabendas da imposibilidade de explotación pola empresa, pon de manifesto unha utilización inaxeitada da sociedade como intermediaria nesta adquisición do SERGAS, que evita así suxeitarse ós principios máis ríxidos da contratación administrativa que tería para a adquisición do equipo.

2.10. A situación das unidades clínicas dentro dos hospitais Meixoeiro e Xeral Cíes conleva a utilización pola sociedade de instalacións e equipos que non son propiedade da mesma, senón da

administración sanitaria. Esto supón que disfruta dun dereito de uso sobre aqueles bens, que debería ter reflexo na súa contabilidade como inmovilizado inmaterial ós efectos de que aquela presente unha información completa da súa situación económico-patrimonial.

Sen embargo, MEDTEC, S.A. non contabiliza estes bens cedidos en uso, nin tampouco nos aporta documentación que permita valoralos ós efectos de propoñer os axustes pertinentes de se-lo caso.

Inmovilizado material.

2.11. O saldo da conta de inmovilizado material a 31.12.97 presenta o seguinte desglose:

CONTA	IMPORTE
Instalacións técnicas e maquinaria	103.352.869
Outras instalacións, ferramenta e mobiliario	59.683.996
Outro inmovilizado	52.351.683
Amortizacións	(40.481.960)
	174.906.588

2.12. As adicións que presenta respecto do exercicio anterior inclúen fundamentalmente a adquisición dun equipo de simulación virtual (TAC) por importe de 30.841.121 pesetas, cedido ó SERGAS segundo se expuxo anteriormente, mobiliario por importe de 18.823.000 pesetas e equipos para procesos de información por 23.100.000 pesetas.

2.13. No exercicio 1997 mantéñense incidencias xa sinaladas no informe de fiscalización deste Consello do ano 1996 relativas á contabilización do inmovilizado material, que afectan á representatividade das contas do presente exercicio:

2.13.1. Advírtese a contabilización como inmovilizado material de partidas que corresponden a gastos dos exercicios en que foron incorridos:

a) Obras de acondicionamento do local social en Santiago de Compostela por importe de 11.080.362 pesetas (6.034.483 pesetas no exercicio 1995 e 5.045.879 pesetas en 1996).

b) Reforma do local destinado a arquivo de historias clínicas no Hospital Xeral Cíes por importe de 4.970.000 pesetas, acometida no exercicio 1996.

c) Obras complementarias para a instalación do quirófano de cirurxía cardíaca no Hospital Meixoeiro por importe de 4.125.638 pesetas, tamén do exercicio 1996.

Trataríase en tódolos casos de gastos de acondicionamento de locais propiedade de terceiros que non poden asociarse ó inicio da actividade da empresa nin a unha ampliación da súa capacidade operativa e que foron realizados con posterioridade ó comezo da actividade da empresa, polo que deben ter a consideración de gastos do exercicio correspondente.

En consecuencia, a conta de inmovilizado material atópase sobrevalorada en 20.176.000 pesetas e os resultados de exercicios anteriores incrementados no mesmo importe.

2.13.2. A sociedade contabiliza como inmovilizado material partidas que corresponden a gastos de establecemento: trátase de obras necesarias para a instalación do quirófano de Cirurxía Cardíaca no Hospital Meixoeiro, por importe de 16.029.081 pesetas. Atopámonos diante doutro caso de gastos de acondicionamento dun local propiedade de terceiros que, se ben en principio deben ter a consideración de gasto do exercicio, o ICAC (consulta nº4, BOICAC nº13) permite a súa activación como gastos de primeiro establecemento e a súa imputación a resultados sistematicamente nun prazo non superior a cinco anos cando se produzan con motivo do inicio da actividade da empresa ou dunha ampliación da súa capacidade operativa e antes de que comece a súa actividade no local. O que non é posible é a súa contabilización como inmovilizado material.

En consecuencia, a conta de inmovilizado material atópase sobrevalorada en 16.029.081 pesetas e a de gastos de establecemento minorada no mesmo importe.

Por outra banda, a consideración destas partidas como inmovilizado material ou como

gastos de establecemento demandaría posibles axustes na súa amortización como consecuencia dos distintos coeficientes a aplicar. Non obstante, non se teñen en conta por considerar que o seu importe sería pouco significativo.

2.14. Dentro do inmovilizado material do MEDTEC, S.A. inclúense partidas que a empresa adquire para o funcionamento da Central de Coordinación de Urxencias 061. As adicións máis significativas nestas partidas no exercicio 1997 corresponden a adquisicións de mobiliario, por importe de 2.209.475 pesetas.

A 31.12.97 o saldo das contas deste inmovilizado contabilizado como propio e afecto á explotación do 061 é de 31.804.000 pesetas.

O convenio de colaboración para o exercicio 1997 asinado entre o SERGAS e a sociedade para a xestión da Central de Urxencias sinala na cláusula 3.6 que os bens materiais adquiridos por MEDTEC, S.A. para a xestión do 061 pasarán a ser, en todo caso, de propiedade do SERGAS. A literalidade deste punto parece indicar que este inmovilizado adquirido polo MEDTEC, S.A. non debe figurar no seu activo, senón que debe pasar directamente ó do SERGAS².

Conta de resultados

Ingresos.

2.15. Os ingresos do MEDTEC, S. A. no exercicio 1997 foron os seguintes:

CONTA	IMPORTE
Importe cifra negocios	1.974.568.234
Traballos efectuados pola empresa para o seu inmovilizado	32.739.043
Outros ingresos de explotación	535.432.945
Outros intereses	8.923.946
Diferencias de cambio	75.502
Subv. capital transferidas rtdo. do exercicio	8.563.186
Ingresos extraordinarios	405.760
Ingresos doutros exercicios	3.779.581
Total:	2.564.488.197

2.16. O importe da cifra de negocios desglósase do seguinte xeito:

² Parágrafo modificado pola supresión da última parte como consecuencia das alegacións.

ACTIVIDADE	CLIENTES PÚBLICOS	CLIENTES PRIVADOS	TOTAL
Prestación servicios asistenciais	1.791.553.425	51.438.098	1.842.991.523
Xestión e consultoría	40.396.856	3.891.034	44.287.890
Física Médica	73.676.882	3.076.207	76.753.089
Outros ingresos	3.982.929	6.552.803	10.535.732
Total	1.909.610.092	64.958.142	1.974.568.234

O cadro anterior amosa o peso que ten dentro do MEDTEC, S.A. a prestación de servicios asistenciais das unidades de Alta Tecnoloxía en relación cos outros servicios de asesoramento que presta, así como que o cliente do que proveñen o 97% dos ingresos por este concepto é a Administración Pública.

2.16.1. Os servicios asistenciais que prestan as unidades clínicas constitúen un servicio público que xestiona o MEDTEC, S.A. por encargo do SERGAS, materializado en convenios de colaboración que especifican os procesos clínicos que debe dispensar e as tarifas que percibirá por cada un deles. Os convenios establecen ademais inicialmente un límite máximo de facturación para 1997 de 1.502.880.000 pesetas, de xeito que a actividade realizada por encima deste importe será a cargo da sociedade.

A facturación preséntase na Dirección Provincial do SERGAS en Pontevedra dentro dos 15 primeiros días hábiles do mes seguinte á finalización do tratamento dispensado. Non obstante, o SERGAS aboa entregas a conta, regularizadas trimestralmente, polo 90% do importe do convenio. Segundo o convenio, a sociedade compensará ós hospitais públicos polos custos que estes deben soportar na realización da actividade daquela. A estes efectos, unha das cláusulas específica o importe dos servicios que os hospitais poden facturar ó MEDTEC, S.A.

Desde o punto de vista financeiro, na execución do convenio débese sinalar o seguinte:

a) o límite de facturación de 1.502 millóns de pesetas non foi suficiente para cubrir toda a actividade realizada pola sociedade. Este límite foi ampliado en 270 millóns de pesetas por unha cláusula adicional asinada o 12.12.97, quedando establecido en 1.772 millóns de pesetas. Aínda así, o SERGAS aboou á empresa 8.874.000 pesetas fóra desta ampliación.

b) os servizos efectivamente prestados pola sociedade ó abeiro do convenio situaron a súa facturación en 2.024.481.000 pesetas. En consecuencia, o SERGAS non asumiu facturación por importe de 242.727.000 pesetas. Por tratarse de servizos que debe prestar o SERGAS, se as tarifas están fixadas a prezo de custo, supón trasladar á sociedade esta perda.

c) o Instituto non aboou ó Hospital Meixoeiro os gastos ocasionados polas actividades desenvolvidas nas dependencias daquel centro desde os meses de xullo a decembro de 1997, por importe de 69.716.000 pesetas. Aínda que existiu a correspondente facturación por parte do hospital, posteriormente realizouse un aboamento, de xeito que a débeda quedou condonada. Dado que os gastos foron realmente incorridos pola sociedade, isto supón unha subvención encuberta, que debería ter reflexo dentro das contas do MEDTEC, S.A. ós efectos de que a información que ofrecen sexa completa.

En consecuencia, os gastos recollidos nas contas “Gastos por aprovisionamentos” e “Outros gastos”, así como o saldo da conta “Ingresos por subvencións de explotación”, atópanse infravalorados en 69.716.000 pesetas.

2.16.2. Os ingresos por asesoramento de xestión e consultoría proceden dos seguintes traballos encomendados á sociedade:

DESCRICIÓN	IMPORTE
Xestión de expedientes de farmacia	17.231.486
Xestión administrativa da Central 061	7.673.387
Desenvolvemento do programa sociosanitario	11.543.707
Outros	10.554.827
Total:	44.287.890

Os ingresos por xestión de expedientes de farmacia compensan os gastos que soporta a sociedade polas retribucións de tres licenciados en Dereito que contrata para a execución deste traballo encargado polo SERGAS. Ó respecto, destacamos:

- non existe ningún convenio nin contrato que formalice este encargo por parte do SERGAS.

- a xestión destes expedientes administrativos non está dentro do obxecto do MEDTEC, S.A.

- este feito pon de manifesto unha utilización inapropiada da sociedade por parte daquel organismo.

A xestión da Central de coordinación de urxencias 061 foi encomendada ó MEDTEC, S.A. para o ano 1997 en virtude dos convenios de 19.6.97 e 18.8.97, ámbolos dous con vixencia ata o 31.12.97, que prevían unha aportación por parte do SERGAS de 524.856.053 pesetas para o funcionamento da Central. En ningunha parte do convenio se alude á comisión a percibir por esta xestión. Tampouco se aporta documentación acerca dos criterios para o seu cálculo. Non obstante, a porcentaxe que esta comisión representa sobre o gasto total que xestiona, aproximadamente o 1,5%, non resulta racional nin económico para a sociedade tendo en conta o dimensionamento que o 061 tiña adquirido dentro do MEDTEC, S.A.

Polo desenvolvemento do programa sociosanitario no exercicio 1997, MEDTEC, S.A. percibe 11.543.707 pesetas. Para este programa tíñase asinado en 1996 un convenio de colaboración co SERGAS, con vixencia ata o 31 de decembro dese ano. Respecto ó exercicio 1997, non nos consta ningún convenio, contrato ou encargo do SERGAS. A través da facturación realizada, sabemos que estes ingresos responden ós gastos que asumiu MEDTEC, S.A., entre os que destacan a contratación de persoal por importe de 10 millóns e medio de pesetas e xestión por 800.000 pesetas.

2.16.3. Os ingresos da Área de Física Médica proceden de servizos de xestión, consultoría e estudos sobre planificación e adquisición de recursos nas unidades de Alta Tecnoloxía en hospitais públicos e privados. Os ingresos por este concepto, 76.753.089 pesetas, proceden nun 96% de clientes públicos e un 4% de privados. Entre os primeiros destaca o SERGAS, que aporta á sociedade aproximadamente 40 millóns de pesetas polos servizos de verificación de niveis de radiación das instalacións de Radiodiagnóstico dos hospitais da rede pública da Comunidade Autónoma e polos estudos e planificación da adquisición de recursos nesta área.

Tampouco a prestación destes servicios para o SERGAS aparece instrumentada a través de contrato algún. Non podemos coñecer, polo tanto, a forma de determinación do prezo destes servicios prestados por MEDTEC, S.A.

2.17. A conta de ingresos “Traballos efectuados pola empresa para o seu inmovilizado” reflicte a contrapartida dos gastos activados como consecuencia da posta en marcha da unidade de Oncoloxía Radioterápica. Polo tanto, as incidencias sinaladas respecto á conta de gastos de establecemento proxectaríanse a esta conta de ingresos na medida en que se algunhas daquelas partidas non son consideradas activables tampouco debían figurar nesta como ingreso do exercicio.

2.18. Na conta “Outros ingresos de explotación” figura como partida máis significativa a subvención de explotación que o SERGAS aboa á sociedade para a xestión da Central de Coordinación de Urxencias 061, por importe de 527.781.000 pesetas, que representa o 98,6% do total daquela conta.

Como xa se indicou anteriormente, o encargo da xestión da Central 061 ó MEDTEC, S.A. instrúntase a través dun convenio asinado entre a sociedade e o SERGAS, de data 19.6.97, para a coordinación das urxencias sanitarias e nunha addenda ó mesmo, de 18.8.97, para a xestión do transporte terrestre medicalizado.

A través do primeiro, MEDTEC, S.A. comprométese a coordinar durante 24 horas ó día a prestación dos servicios de consello médico, información administrativo-sanitaria e outros servicios con mobilización de recursos, como transporte sanitario urxente e visita domiciliaria. A addenda pola que se compromete a xestionar-la medicalización do transporte terrestre, tamén 24 h./día, durante todo o ano, obriga á sociedade a aportar vehículos, persoal médico e de enfermería e equipamento UVI.

Por todos estes servicios, o SERGAS aboará con cargo ás aplicacións orzamentarias 640 e 641 un máximo de 550.542.000 pesetas, que se irán

facendo efectivas contra a presentación de certificacións conxuntas da coordinadora do Plano autonómico de urxencias e do director xerente do MEDTEC, S.A. mediante as que se acredite a actividade realizada.

A contabilización deste importe como subvención de explotación presenta as seguintes peculiaridades:

a) non é compatible coa natureza de gasto de capital que posúe a aplicación orzamentaria do SERGAS con cargo á que se financia. É dicir, a subvención de explotación debería ser recibida a través de transferencias correntes, e neste caso apórtase como gasto de capital.

b) como xa se indicou noutro epígrafe deste informe, parte destes ingresos destínanse a financiar inmovilizado que pasará a ser propiedade do SERGAS.

c) os servicios que presta na xestión da Central de coordinación de urxencias non constitúen unha actividade que se autofinancie independentemente da subvención, senón que esta será o prezo que aboa o SERGAS pola súa prestación; en consecuencia, a súa verdadeira natureza corresponde a ingresos por prestación de servicios. De acordo con este criterio, procede a súa reclasificación desde a conta de subvencións de explotación á de vendas do exercicio.

Por outro lado, no caso de que esta prestación de servicios se considere suxeita a efectos do IVA, e posto que a sociedade non repercute o imposto por este concepto, poderían existir continxencias fiscais. Esta circunstancia levou á sociedade a dota-la correspondente provisión.

Gastos.

2.19. As contas de gastos presentan a 31.12.97 os seguintes saldos:

CONTA	IMPORTE
Aprovisionamentos	712.335.587
Gastos de persoal	1.042.859.592
Dotacións amortización	166.446.012
Outros gastos de explotación	449.829.746
Gastos financeiros	35.277.676
Diferencias neg. cambio	34.923
Gastos extraordinarios	86.660.257
Gastos doutros exercicios	43.429.317
Imposto sobre sociedades	40.031.002
Total:	2.576.904.112

As contas “Aprovisionamentos”, “Gastos de persoal” e “Outros gastos de explotación” serán obxecto de análise na parte deste informe referida á verificación do cumprimento da normativa de aplicación.

2.20. En relación coa periodificación de determinados gastos, sinalamos as seguintes incidencias:

a) a sociedade foi condenada en 1998 ó aboamento dunha indemnización polo despido en 1997 dunha empregada, por importe de 2.808.000 pesetas. Aínda que esta indemnización foi consignada no Xulgado do Social naquel momento, non se dotou ningunha provisión por este concepto.

En consecuencia, o resultado do exercicio e a conta de provisións do pasivo do balance están sobrevalorado e infravalorado, respectivamente, no indicado importe.

b) a sociedade non contabiliza en 1997 un gasto por prestación de servicios de gardas médicas en cirurxía cardíaca, devengado nese exercicio, por importe de 760.000 pesetas.

En consecuencia, a conta de acredores do pasivo do balance de situación aparece infravalorada e o resultado do exercicio sobrevalorado nese importe.

c) a primeira certificación de gastos de 1997 pola xestión da Central 061 regulariza a provisión realizada en decembro de 1996, que estaba sobrevalorada en 6.135.000 pesetas. Isto indica que gastos por este importe que foron aboados en 1996 corresponden ó exercicio 1997.

En consecuencia, a conta de resultados do exercicio 1997 estaría incrementada en 6.135.000 pesetas e a de reservas infravalorada neste importe.

d) a prestación de servicios ó MEDTEC, S.A. por parte das agrupacións de ambulancias que subministran sete unidades medicalizadas devenga unha retribución variable por cumprimento de obxectivos, que no segundo semestre de 1997 ascendeu a 7.000.000 de pesetas e que a sociedade non contabilizou nese ano.

En consecuencia, a conta de resultados do exercicio estaría sobrevalorada no indicado importe e a conta de acredores infravalorada na mesma cantidade.

e) dentro dos gastos financeiros aparecen os devengados polas cotas dos contratos de leasing que ten concertados o MEDTEC, S.A. para a adquisición de equipos e outro material, por importe de 34.657.000 pesetas.

f) nas contas “Gastos extraordinarios” e “Gastos doutros exercicios” recóllese a provisión que efectúa a sociedade pola continxencia fiscal que se presentaría no caso de que a cantidade que percibe en virtude do convenio asinado para a xestión da Central 061 estivera suxeita a IVA. Os importes relativos a esta operación son os seguintes:

CONVENIO	TOTAL PERCIBIDO	IMPORTE XESTIÓN	IMPORTE (SEN IVA)	IVA
Ano 1996	252.842.982	7.800.961	245.042.021	39.206.723
Ano 1997	550.527.737	8.901.130	541.626.607	86.660.257

Dado que o gasto estimado para 1996, no caso de manifestarse a continxencia, tería o seu devengo nese ano, a dotación para a súa provisión debería terse efectuado naquel exercicio.

En consecuencia, a conta de reservas estaría incrementada en 39.206.723 pesetas e a de resultados do exercicio infravalorada nese importe.

g) en relación co gasto polo imposto de sociedades, advertimos diferencias entre o importe contabilizado e o resultante da liquidación do imposto, por 2.305.000 pesetas, debidas á non contabilización

dunha deducción por gastos de formación de persoal que se reflicte na liquidación.

En consecuencia, a conta de resultados do exercicio estaría infravalorada en 2.305.000 pesetas e a conta de acredores do pasivo do balance de situación sobrevalorada no mesmo importe.

Liquidación do orzamento

2.21. O MEDTEC, S.A. elabora anualmente un orzamento de explotación, que detalla o contido desta conta, e un orzamento de capital no que se especifican as orixes e aplicacións dos seus fondos.

Estas estimacións, que coñece e aproba o Parlamento, forman parte dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma e quedaron establecidos para o exercicio 1997 pola Lei 11/96, do 30 de decembro, de orzamentos xerais para 1997, en 2.213.000.000 de pesetas.

A análise da execución orzamentaria respecto das previsións que presenta inicialmente a sociedade ofrece desviacións que merecen tomarse en consideración.

As previsións foron as seguintes (millóns de pesetas):

Orzamento de explotación:

	DEBE		HABER
	-----		-----
Aprovisionamentos	597	Vendas	1.669
Gastos persoal	898	Outros ingresos explotación	331
Amortizacións	153	Outros	9
Gastos explotación	288		
Gastos financeiros (leasing)	72		
Outros	1		
	-----		-----
Total:	2.009		2.009

Orzamento de capital:

	ORIXE FONDOS		APLIC. FONDOS
	-----		-----
Amortizacións	153	Gastos emisión débeda e financ.	37
Provisións	1	Inmovilizado inmaterial	50
Empréstitos	50	Empréstitos e outros pasivos	139
		Aumento cap. Circulante	52
	-----		-----
Total:	204		204

2.22. Por outro lado, a liquidación dos orzamentos presenta o seguinte estado de execución.

GASTOS	IMPORTE
-----	-----
Aprovisionamentos	712.335.587
Gastos de persoal	1.042.859.592
Dotacións amortización	166.446.012
Outros gastos de explotación	449.829.746
Gastos financeiros	35.277.676
Diferencias neg. Cambio	34.923
Gastos extraordinarios	86.660.257
Gastos doutros exercicios	43.429.317
Imposto sobre sociedades	40.031.002

Total:	2.576.904.112

INGRESOS	IMPORTE
-----	-----
Importe cifra negocios	1.974.568.234
Traballos efectuados pola empresa para o seu inmovilizado	32.739.043
Outros ingresos de explotación	535.432.945
Outros intereses	8.923.946
Diferencias de cambio	75.502
Subv. capital transferidas rtdo. do exercicio	8.563.186
Ingresos extraordinarios	405.760
Ingresos doutros exercicios	3.779.581

Total:	2.564.488.197

2.23. Da comparación dos estados previsionais coa liquidación observamos o seguinte:

2.23.1. A previsión legal do orzamento de explotación, de 2.009 millóns de pesetas, viuse incrementada ata 2.577 millóns de pesetas. Destaca o incremento dos gastos de explotación, dun 56% sobre os inicialmente previstos.

2.23.2. Os gastos de persoal experimentaron un incremento dun 16% e os de aprovisionamento un 19%. Ademais, existiron gastos non previstos por importe de 170 millóns de pesetas.

Non nos consta que as variacións orzamentarias que supoñen incrementos de gastos de persoal superiores ó 10% do orzamento inicial estean autorizadas polo Consello da Xunta, tal e como esixe o artigo 83.5 da Lei 11/92, de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

III. ÁREA DE PERSOAL E CONTRATACIÓN DE BENS E SERVICIOS. ANÁLISE DE CUMPRIMENTO

Gastos de persoal. Retribucións

3.1. A 31.12.97 o cadro de persoal ó servizo do MEDTEC, S.A. estaba composto por 228 traballadores, dos que 99 estaban adscritos á Central de coordinación de urxencias, 97 ás unidades clínicas hospitalarias e os 32 restantes á estrutura central, distribuídos entre administración xeral (19), a oficina de Farmacia (3), Física Médica (7) e o Plano sociosanitario (3).

Ademais deste persoal, están vinculadas á sociedade 15 persoas a través de empresas de traballo temporal (ETT) e un número importante de persoas físicas que prestan servizos profesionais baixo relacións contractuais de carácter mercantil. Estas últimas, que en moitos casos encubren unha verdadeira relación laboral, serán analizadas no epígrafe de contratación de servizos. En todo caso, tanto as súas retribucións como as que se aboan ás ETT pola posta a disposición de persoal non aparecen dentro dos gastos de persoal.

Os gastos de persoal ascenderon no exercicio auditado a 1.042.859.592 pesetas. A súa evolución experimentou un incremento dun 146% respecto do ano 1996 como consecuencia, fundamentalmente, da contratación de persoal vinculado á Central de coordinación de urxencias 061. O número de traballadores da sociedade pasou de 112 en 1996 a 228 en 1997.

A análise realizada na área de persoal centrouse basicamente nunha fiscalización de cumprimento, tendente a verificar se a contratación e retribucións do persoal se axustan ós preceptivos informes das consellerías de Economía e Facenda e da Presidencia e Administración Pública, así como se a selección do persoal se realizou de acordo coas prescricións da Lei 10/1996, de actuación de entes, e se as modalidades contractuais temporais utilizadas responden a servizos desta natureza. Tamén, sobre outros aspectos significativos de cara á racionalización do gasto.

3.2. No ano 1997 iniciouse, e en parte resolveuse, o proceso para a cobertura de prazas con persoal laboral fixo. A 31 de decembro dese ano, só 12 empregados tiñan acadado esta condición; o resto era persoal laboral temporal contratado para obra ou servizo determinado (60% dos casos), por lanzamento de nova actividade (30%) ou por interinidade (o restante 10%). Tamén nesa data, subsistían na empresa dúas relacións laborais de alta dirección: o director xerente e o director de división da área de Física Médica; esta última xa extinguida.

3.3. As retribucións fixas anuais, que suman un gasto de 636.544.000 pesetas comprenden os distintos conceptos retributivos, agás o plano de incentivos que utiliza a sociedade para remunerar ó persoal e que se estipulan nos contratos de traballo. A sociedade non posúe convenio colectivo propio e suxeita a relación co seu persoal a catro convenios distintos, aínda que os conceptos retributivos apártanse dos determinados nos mesmos. Estas retribucións son as únicas que a sociedade remite posto por posto para informe e autorización das consellerías de Presidencia e Administración Pública e Economía e Facenda.

As gardas médicas remunéranse independentemente do traballo en horario normal, a través da conta típica de gastos de persoal e do epígrafe de traballos realizados por outras empresas para aqueles casos nos que se externalizan. En total o MEDTEC, S.A. aboa por este concepto 70.059.000 pesetas.

3.4. Os incentivos por actividade que aboa o MEDTEC, S.A. en 1997 ascenderon a 111.200.000 pesetas, que supoñen o 20% da retribución fixa estipulada. A súa contía páctase para cada traballador no contrato individual de traballo e abóanse en función do cumprimento duns obxectivos que se establecen para cada área unha vez que sexan verificados polo director da mesma.

Se ben a sociedade solicita, con carácter previo ás contratacións ou modificacións do cadro de persoal, o informe conxunto da Dirección Xeral de Orzamentos e da Dirección Xeral da Función Pública comprensivo tanto da autorización deste

como das retribucións de cada posto, detectamos as seguintes incidencias:

3.4.1. Os incentivos que percibe o persoal do MEDTEC, S.A., que veñen significando un 20% das súas retribucións, non están contemplados no cadro retributivo que se envía a informar ás referidas direccións xerais. É dicir, o aboamento destes incentivos non conta co informe favorable preceptivo que require a correspondente lei anual de orzamentos para a determinación das condicións retributivas do persoal das sociedades públicas.

A este respecto, cómpre recordar que o artigo 19.6 da Lei 11/1996, do 30 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 1997 (D.O.G. nº254, do 31.12.96) sinala que “Serán nulos de pleno dereito os acordos adoptados nesta materia [retributiva] con omisión do trámite de informe ou en contra dun informe desfavorable”.

3.4.2. Existen casos nos que este complemento variable estase aboando en contía superior á estipulada no contrato. Na mostra seleccionada atopamos os seguintes: na área de diagnóstico por imaxe aboáronse incentivos a tres profesionais por importe de 2.573.467, 2.548.370 e 2.573.467 pesetas, respectivamente, cando nos seus contratos estaba establecido un límite de 1.100.000 pesetas; na área de Medicina nuclear, outros dous percibiron incentivos por importe de 1.906.613 pesetas e 3.078.748 pesetas cando nos seus contratos figuraba un importe a percibir por este concepto de 1.162.000 pesetas.

3.4.3. ³

3.5. Outros conceptos retributivos que emprega a sociedade para remunerar ós traballadores son os de gratificacións extraordinarias e compensacións por especial esforzo, dedicación ou dispoñibilidade horaria e por funcións de responsabilidade ou de apoio á xestión. Necesariamente, polo seu carácter discrecional, quedan á marxe da autorización das retribucións das Consellerías de Economía e da Presidencia. Por outro lado, trátase de complementos salariais que se acumulan nun mesmo traballador cos incentivos de actividade e que

responden ós mesmos obxectivos que estes. Ó persoal administrativo da unidade clínica de cirurxía cardíaca, diagnóstico por imaxe, cardiología intervencionista e medicina nuclear abóanselle en 1997, ademais dos incentivos de actividade, complementos por apoio á xestión que van dun 2% ou 3% das súas retribucións fixas no caso de persoal administrativo ata o 20% nos postos de responsabilidade, ademais dunha gratificación extra.

3.6. Estes complementos que, en ocasións, priman a dedicación ou dispoñibilidade horaria están retribuindo traballos realizados fóra da xornada normal ós que lle sería de aplicación á lexislación laboral sobre horas extras.

Selección e contratación de persoal

3.7. No ámbito da selección de persoal, no exercicio 1997 destacan os procesos para dota-las bases medicalizadas de 40 médicos e 40 ATS en réxime laboral temporal e o seguido para a cobertura definitiva de postos con persoal laboral fixo, tanto na estrutura central como nas distintas unidades clínicas. Houbo outras incorporacións de persoal temporal na unidade de radioterapia, no programa de oficinas de farmacia e na estrutura central.

3.7.1. A selección do persoal sanitario das bases medicalizadas fíxose mediante un concurso público con publicidade na prensa, o nomeamento dunha comisión asesora e outra de selección e un proceso cunha fase de valoración de méritos, entrevista persoal e proba teórico-práctica pola comisión asesora.

Consideramos que a falta de ponderación de cada unha das fases dentro do proceso, a participación dunha empresa de selección externa que realiza a baremación dos méritos alegados e a importancia da entrevista persoal son aspectos que non garanten a transparencia do proceso selectivo e impiden medir a obxectividade na selección deste persoal.

3.7.2. Previa autorización do consello de administración, en outubro de 1997 iniciouse o proceso de selección para a contratación indefinida

³ Parágrafo suprimido como consecuencia das alegacións.

do cadro de persoal da estrutura central e unidades clínicas. En tódolos casos se realizou publicidade no DOG e en diarios de maior difusión rexional e se nomearon comisións da selección. O proceso, que foi encargado á empresa de selección externa que xa realizara a selección de persoal laboral temporal, supuxo a confirmación como fixos da totalidade dos empregados que viñan ocupando estes postos como laborais temporais.

Sobre este proceso, sinalamos o seguinte:

a) Non existiu un baremo coa ponderación dos méritos a valorar, nin a determinación daquela en cada unha das fases do proceso.

b) A empresa de selección externa recibiu as solicitudes, realizou as probas e presentou á empresa os informes dos candidatos que entendía idóneos para ocupar cada posto. En determinados casos só presenta informe dun número de candidatos idéntico ó de prazas por categoría, co cal a selección está realizada.

c) A comisión de selección está composta en dous casos por persoal que participa como candidato nas probas, coincidindo que os membros da comisión se avalían e seleccionan a si mesmos.

d) A determinación dos candidatos seleccionados realizouse individualizadamente caso por caso, ó igual que a súa incorporación ó MEDTEC, S.A. como laborais fixos.

3.7.3. Na contratación temporal, ex novo, que realiza o MEDTEC, S.A. para a Unidade de Radioterapia, o programa de oficinas de farmacia e a estrutura central, destacamos os seguintes aspectos:

a) Atopamos contratos de obra ou servicio determinado, na estrutura central, para a cobertura dos postos de administrativo de relacións laborais e de administrativos contables (2 contratos) que tiñan por obxecto a realización das tarefas dos departamentos laboral ou financeiro de “posta en marcha e seguimento de transformación en indefinidos dos contratos temporais da sociedade e a definición do marco laboral, ou a posta en marcha e seguimento da contabilidade analítica”. Os termos en que aparecen determinados estes servicios a

realizar non permiten afirmar que teñan substantividade propia dentro da empresa, nin natureza temporal, tal como esixe, para a súa validez, a normativa reguladora deste contrato.

b) Co motivo dunha nova actividade da empresa, consistente na asistencia técnica á Consellería de Sanidade na tramitación dos expedientes de apertura de farmacias, asináronse en xaneiro de 1997 tres contratos temporais por lanzamento con tres licenciados en dereito, previamente seleccionados por unha comisión integrada pola coordinadora económico-administrativa do MEDTEC, S.A., o subdirector xeral de réxime administrativo da Consellería de Sanidade e o xefe do servicio técnico xurídico dunha consellería. O consello de dirección da sociedade autoriza estas contratacións no marco dun convenio de colaboración co SERGAS que nunca se asinou.

O obxecto social do MEDTEC, S.A. non contempla a tramitación de expedientes en materia de farmacia. Tampouco se lle encargou a través de ningún convenio de colaboración co SERGAS. Polo tanto, esta nunca puido ter a consideración de nova actividade da empresa, senón que é unha actividade da propia consellería que utilizou inadecuadamente a sociedade para a contratación de persoal.

3.7.4. A 31.12.97 prestan servicios na sociedade 15 traballadores contratados por empresas de traballo temporal. A sociedade xustifica esta forma de emprego pola necesidade da inmediatez de resposta que demanda a actividade sanitaria para a cobertura de vacantes.

A utilización desta fórmula para cubrir postos temporais do organismo supón unha omisión dos principios de publicidade, igualdade, mérito e capacidade na contratación, ademais dunha ineficiencia na utilización dos recursos públicos por non utilizar os servicios oficiais de colocación, así como a posibilidade de incrementar o cadro de persoal sen contar coas autorizacións que nesta materia, e na retributiva, establece a lei de orzamentos anual.

3.7.5. De nove contratos de posta a disposición que examinou este Consello, oito responden a tarefas administrativas que non teñen nada que ver coa urxencia na contratación que se argumenta para a

utilización desta fórmula. Ademais, son de destacar as seguintes conclusións:

a) Os tres contratos de posta a disposición para unha mesma auxiliar administrativa, por obra ou servizo determinado para a transcripción dos informes médicos a ordenador, atender o teléfono, etc. no departamento de diagnóstico por imaxe non responden á prestación de servizos temporais, nin posúen substantividade propia dentro da actividade da empresa. Polo tanto non son susceptibles de contratar baixo esta modalidade contractual.

b) Outro tanto sucede co contrato de posta a disposición asinado o 20.1.97 para un auxiliar administrativo para a recepción de chamadas e atención ó público.

Servicios exteriores

3.8. Os gastos en servizos exteriores, segundo a contabilidade da sociedade, ascenderon a 339.182.720 pesetas, un 100% máis que o exercicio anterior. Sen dúbida, a maior actividade das unidades clínicas incide neste incremento de gasto⁴.

Neste apartado, efectuamos unha análise de regularidade na contratación da sociedade a partir dos contratos con maior incidencia de gasto nas contas de servizos de profesionais independentes e de traballos realizados por outras empresas, aínda que estes últimos aparezan contabilizados como aprovisionamentos e non como servizos exteriores.

Na primeira destas, por importe de 68.955.000 pesetas, destacamos os gastos relativos a empresa de traballo temporal por 27.269.000 pesetas e os de consultoría da estrutura central por 27.552.000 pesetas.

3.9. No exame dos contratos de consultoría seleccionados na área de estrutura central destacamos os seguintes aspectos:

3.9.1. Para a elaboración de estudos de custos, catálogos de produtos e outras cuestións referidas á contabilidade analítica nas distintas áreas da sociedade, celebráronse seis contratos distintos de

arrendamento de servizos cunha mesma profesional que mantivo esta relación mercantil co MEDTEC, S.A. de maio a decembro de 1997, polos que percibiu 6.090.000 pesetas en total. Estes contratos garántenlle un anticipo dun 25% á súa sinatura e o resto abóaselle á entrega do traballo. Establece que as tarefas de consultoría someteranse ás indicacións do Instituto e pon ó seu servizo recursos materiais e un mínimo de dúas persoas. Por este traballo percíbense dietas de desprazamento e manutención.

O adxudicatario deste contrato prestou servizos como persoal asalariado do MEDTEC, S.A. nos primeiros meses de 1997 e resultou seleccionado nas probas convocadas para persoal fixo a finais deste mesmo ano. Tódalas características dos contratos son máis propias dunha relación laboral que mercantil. A adxudicación destes contratos realízase á marxe dos principios de publicidade e concorrencia esixidos pola Lei 10/96 e da autorización salarial da Consellería de Economía e Facenda e Administración Pública.

3.9.2. En 1997 asínanse dous contratos coa empresa Kommdent, S.L. para a implantación do plano director de informática e telecomunicacións e para a prestación dun servizo de asesoría informática. Estas prestacións seguen ás realizadas por esta empresa nos dous primeiros meses de 1997 en virtude do contrato asinado en 1996 para a dirección técnica da implantación dun marco tecnolóxico. No exercicio auditado percibe do Instituto por todos estes traballos 10.749.034 pesetas. Tampouco no primeiro dos contratos asinados en 1997⁵ queda acreditado o recurso a un procedemento con publicidade e concorrencia, esixible por aplicación da Lei 10/96, de actuación de Entes, e pola propia busca de economicidade na xestión de cara a recibir ofertas suficientemente depuradas polo mercado.

3.9.3. Nunha conta cualificada como de servizos loxísticos aparece un gasto por importe de 8.500.000 pesetas que corresponde á preparación e montaxe de stands na feira de Silleda "Tecnova 97". Segundo as adxudicacións dos distintos lotes que integran este gasto, os stands son da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, polo que debería ser esta última e non o MEDTEC, S.A. a que se fíxera cargo dos mesmos.

⁴ Parágrafo modificado como consecuencia das alegacións.

⁵ Parágrafo modificado como consecuencia das alegacións.

3.9.4. Tampouco son propios da actividade do MEDTEC, S.A. os gastos asumidos nos contratos asinados en outubro de 1997 por importe de 1.000.000 e 1.500.000 pesetas para asesorar á Consellería de Sanidade e para a prestación de sendos borradores de informes do anteproxecto da Lei de sanidade e ordenación farmacéutica de Galicia. Claramente supón unha utilización inadecuada da sociedade por parte da Consellería de Sanidade que deste xeito obtén servicios externos sen axustarse á normativa administrativa a que está sometida.

3.10. Dentro da conta 607 “Traballos realizados por outras empresas”, cun saldo de 125.275.000 pesetas aparecen os de hospitalización por 33.738.000 pesetas, servicios terapéuticos por 4.609.000 pesetas, gardas médicas contratadas externamente por importe de 13.458.000 pesetas, servicio de ambulancias do 061 por 60.222.000 pesetas e outros traballos de asesoramento por 13.217.000 pesetas.

3.11. Os gastos de hospitalización reflicten os xerados por doentes do MEDTEC, S.A. ó hospital Meixoeiro polas estancias no mesmo. Se ben no exercicio 1997 o importe inicialmente cargado ascendeu a 75.813.000, aboamentos posteriores dos que non atopamos xustificación algunha, por importe de 42.075.000 pesetas reducen o gasto contabilizado neste concepto a 33.738.000 pesetas.

3.12. Nos servicios terapéuticos destacamos os contratados na unidade de Resonancia Magnética cunha profesional para a realización de probas de TAC e RM e con outro facultativo para a realización de ergometrías.

3.12.1. A primeira asina co MEDTEC, S.A. un contrato de arrendamento de servicios o 8 de setembro de 1997 polo prazo dun ano para a realización de estudos radiolóxicos programados que inclúe ademais a dispoñibilidade para a prestación complementaria e a participación nas sesións clínicas e actividade docente da área de diagnóstico por imaxe. O prezo do contrato fíxase por actividade en 1.500 pesetas por TAC realizado

e 2.000 por cada informe de RM, se ben abóase mensualmente como anticipo a conta unha retribución de 500.000 pesetas regularizable cuatrimestralmente. Esta profesional estivo vinculada a unha área cun contrato de posta a disposición por unha ETT.

Aínda coincidindo coa sociedade que estas contratacións de servicios poden supoñer unha vinculación ó cumprimento dos obxectivos propostos máis efectiva que a da relación laboral, non debemos esquecer que esta profesional realiza as súas actividades en relación con pacientes que non son clientes propios, senón do sistema público sanitario, e utiliza os medios materiais do hospital e conta con persoal auxiliar do mesmo para o seu traballo. Todas estas circunstancias, xunto co control de actividade exercido polo MEDTEC, S.A., insertan esta relación no círculo rector e disciplinario do empresario, polo que a súa vinculación co centro é máis propia dunha relación laboral que mercantil.

Por último, a selección desta profesional tamén se realiza á marxe dos principios de publicidade e concorrencia esixidos pola Lei 10/96.

3.12.2. O acordo de colaboración asinado para a realización de ergometrías ten por obxecto a formación do facultativo contratado nas técnicas de intervencionismo cardíaco e organización xeral da unidade.

3.13. O gasto por gardas médicas que o MEDTEC, S.A. contrata externamente ascendeu a 13.458.000 pesetas. Os dous contratos asinados para a prestación deste servicio foron co especialista D. Gonzalo Pradas Montilla e coa sociedade CARSURGE, S.L.

3.13.1. Co primeiro destes profesionais asinou un contrato de arrendamento de servicios para a realización de actividade cirúrxica non programada e para a permanencia localizada durante 17 horas diarias, de luns a venres, e 24 horas nos festivos, sábados e domingos. Cada intervención non programada (enténdese por tal as que excedan de 21 ó mes) retribúese a 40.000 pesetas e as localizacións a 16.528 pesetas e a 23.334, respectivamente.

Este contrato, cualificado de arrendamento de servicios presenta notas tipicamente definitorias dunha relación laboral, tales como a programación da dispoñibilidade do traballador polo MEDTEC, S.A. e a aportación de medios humanos e materiais por parte da empresa. Ademais, neste profesional coexiste con este contrato mercantil outro laboral e o primeiro só supón unha ampliación horaria das actividades médicas xa pactadas no contrato laboral.

3.13.2. En xullo de 1997 asínase outro contrato pola sociedade CARSURGE, S.L. para a prestación de servicios por cirurxías cardíacas para a realización de intervencións non programadas. As prestacións da empresa son as mesmas en canto a localización e intervención non programadas que as que figuran no contrato anterior.

Respecto deste contrato, advírtese o seguinte:

a) A sociedade CARSURGE, S.L. non se constitúe en escritura pública ata o 12.11.97 polo que á data da firma do contrato estaba sen constituir.

b) Dos seus estatutos conséntase que o 95% do seu capital social está subscrito polo Cirurxián D. Gonzalo Pradas Montilla, que en xullo de 1997 prestaba este servicio a través do contrato mercantil xa descrito e que mantén ademais desde 1996 unha relación laboral como director técnico da área de cirurxía cardíaca.

c) Esta sociedade factura ó MEDTEC, S.A. servicios que se prestaron en períodos anteriores á sinatura do contrato.

d) O socio que posúe o 5% restante do capital de CARSURGE, S.L. é a coordinadora da área de radioterapia. Dña. María Dolores Agujetas Rodríguez, que xa figuraba en 1997 como asalariada do MEDTEC, S.A. Ámbolos dous profesionais son administradores solidarios da mesma.

e) Ámbolos dous profesionais perciben dentro dos conceptos que retribúen a súa relación laboral co Instituto un plus de exclusividade de 2.500.000 pesetas, no caso do director técnico de cirurxía

cardíaca, e 1.188.828 pesetas a coordinadora de radioterapia.

3.13.3. Desde o punto de vista do control da prestación prodúcese unha situación de conflito, e mesmo incompatibilidade, por coincidir na mesma persoa a condición de director técnico da unidade, coas funcións de planificación, organización, dirección e control das tarefas da unidade, e a de socio traballador dunha empresa interposta que presta servicios para aquela. Por outro lado, é o propio director técnico o que realiza o control da programación cirúrxica, e neste sentido decide a actividade que realiza o persoal asalariado do MEDTEC, S.A. ou a propia sociedade da que é titular.

3.13.4. O contrato coa empresa CARSURGE, S.L. realízase sen ter en conta os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade esixibles pola Lei 10/96 e sen que aquela posúa capacidade para contratar, por non estar legalmente constituída.

Os dous profesionais socios desta empresa e administradores solidarios, que están vinculados laboralmente ó MEDTEC, S.A., estarían infrinxindo a normativa de incompatibilidades do persoal ó servicio das administracións públicas por traballar para esta empresa sen ter autorización de compatibilidade conforme á Lei 53/84, aplicable a tódalas empresas públicas cunha participación da administración que supera o 50% no seu capital social. Esta situación legal de incompatibilidade dos seus administradores implicaría ademais para CARSURGE, S.L. a prohibición de contratos coa administración pública.

3.14. Outros traballos de asesoramento ó MEDTEC, S.A. por importe de 13.216.668 pesetas, que aparecen contabilizados na conta 607 de gastos, corresponden ós contratos para a xestión dunha área de telemedicina, para a colaboración na dirección técnica de cirurxía cardíaca, e para a definición de protocolos clínicos na unidade de cardiología intervencionista. Todos estes contratos son de natureza mercantil.

3.14.1. O primeiro deles, asinado o 2.5.97, para a creación dunha área de telemedicina, prevía unha duración de 9 meses e unhas retribucións para o

consultor de 6.750.000 fixas e 1.350.000 variables, vinculadas ó desenvolvemento dun programa informático, así como unha porcentaxe nos ingresos por comercialización desta área do 33%. Ata a sinatura deste contrato o mesmo profesional estaba vinculado por outro da mesma natureza ó MEDTEC, S.A. como asesor para a posta en marcha das unidades clínicas (desde o 1.2.96 ata o 1.5.97). No exercicio 1997 percibiu do MEDTEC, S.A. un total de 10.350.000 pesetas. Constátase que dentro deste importe está a totalidade das retribucións fixas e variables previstas no contrato asinado en maio de 1997. Non obstante, segundo a sociedade, a área de telemedicina nunca chegou a crearse, aínda que se confeccionou un programa informático. En consecuencia tampouco se xeraron ingresos para o MEDTEC, S.A. por este concepto.

O aboamento da retribución fixa non aparece xustificado no cumprimento do obxecto último do contrato. A contraprestación variable, que polo seu propio concepto debe ser complementaria respecto da principal, tampouco pode xustificarse se non se xustifica a primeira, aínda que apareza vencellada a un nivel concreto de execución da prestación principal e este nivel efectivamente se acade.

3.14.2. No contrato de arrendamento de servicios asinado para a colaboración e asesoramento na unidade de cirurxía cardíaca o 1 de setembro de 1997, encoméndase a un profesional consultor sen vinculación laboral co MEDTEC, S.A. o desenvolvemento de tarefas que son propias do ámbito interno organizativo da sociedade e, en consecuencia, inapropiadas para ser externalizadas a través dunha relación mercantil. As funcións asumidas por este consultor son as de responsabilidade na formación continua de equipos de perfusión, organización do quirófano de cirurxía cardíaca, encargándolle a programación e planificación do traballo do persoal non facultativo a distribución e asignación do mesmo a cada intervención e a supervisión e seguimento das funcións específicas de cada persoa. Tamén, a análise, control e seguimento das complicacións perioperatorias.

3.14.3. Dentro do asesoramento na área de cardiología intervencionista aparece un contrato de arrendamento de servicios para a definición de

protocolos clínicos e a adecuación para convertilos nun programa de software. Se ben este contrato se asina o 4.11.96 por un período de 2 meses, a totalidade do gasto impútase ó exercicio 1997. O prezo do contrato elévase a 1.700.000 pesetas. Con este mesmo profesional asínase outro contrato o 26.6.97 para a formación do persoal desta unidade de cardiología intervencionista por un ano de duración e 6.500.000 pesetas de prezo. Cóstanos ademais que este profesional exerce, ó longo de 1997, as funcións de director técnico da área de cardiología intervencionista. Neste sentido, excepto nos meses de marzo, abril e maio, presta a conformidade coa súa sinatura á actividade facturada nesta área ós efectos do cálculo de incentivos.

Consideramos que as direccións técnicas das áreas, polas funcións que teñen atribuídas, deben ser ocupadas por persoal vinculado laboralmente ó MEDTEC, S.A. e non debe externalizarse mediante contratos mercantís. Por outra banda, no presente caso, ningún dos dous contratos mercantís que ten asinado este profesional co MEDTEC, S.A. lle encomendan funcións propias de director técnico da unidade. O propio cadro retributivo que presenta o MEDTEC, S.A. para informe das Consellerías de Economía e da Presidencia contempla este posto dentro dos vinculados mediante relación laboral coa empresa.

Adquisición de bens, equipos e subministros

3.15. As principais incorporacións que realiza a sociedade ó seu inmovilizado polo sistema de leasing en 1997 son as seguintes:

Equipo	Provedor	Importe
Aplicación informática	Norsistemas, S.A.	10.296.000
Equipos resonancia magnética	Itisa, S.A.	32.710.000
Material diagnóstico por imaxe	Picker, S.A.	73.364.000
Material diagnóstico por imaxe	MCP	4.125.000
Material diagnóstico por imaxe	Nucletron, S.A.	4.061.000
Sala vascular	GEMSE, S.A.	74.812.000

A adquisición destes equipos realízase respectando os principios de publicidade e concorrencia que esixe a Lei 10/96, de actuación de entes públicos, aplicable á sociedade, agás no caso da sala vascular, no que non podemos verificar o seu cumprimento.

3.16. Na adquisición de produtos sanitarios a unidade administrativa do MEDTEC, S.A. que xestiona estas compras ten establecido un procedemento reglado que se inicia coa redacción dun prego de condicións e un modelo de oferta económica, segue coa solicitude de ofertas, a realización dun cadro comparativo das recibidas, e a formulación posterior de propostas da unidade administrativa e tamén da dirección técnica para que despois dunha negociación complementaria se asine un acordo marco coa firma subministradora. O material recíbese en depósito e na medida en que se dispoña do mesmo por parte do persoal médico, vanse realizando pedidos polo MEDTEC, S.A. e a correspondente facturación polo provedor. Destacamos os seguintes aspectos:

3.16.1. Este procedemento adolece de falta da publicidade esixible pola Lei 10/96 para os contratos de subministros. Se ben se consultan o maior número de empresas posibles, e aínda sabendo que a veces existe un provedor único a concorrencia plena só queda garantida na medida en que exista publicidade das ofertas; doutra forma, aquela queda reducida á que o propio MEDTEC, S.A. estime conveniente.

3.16.2. O cruce de propostas entre a dirección técnica e a unidade administrativa trata de conciliar as mellores condicións económicas que persegue esta última coas necesidades técnicas que solicite a primeira. A elección dos provedores trata de xustificarse por escrito dentro do procedemento. Nestas xustificacións advírtese que os criterios do persoal facultativo son decisorios na selección do provedor e posúen un peso determinante fronte ós da unidade administrativa. Noutros casos a propia definición e características dos produtos solicitados conducen a un provedor único do mercado.

Neste sentido ponse de manifesto unha intervención decisiva do persoal médico na selección dos provedores de produtos sanitarios fronte a un discreto protagonismo da xerencia do centro.

3.16.3. Se ben a rotación dos funxibles en depósito é elevada, o sistema de adquisición a través desta fórmula traslada ó MEDTEC, S.A. os riscos de

deterioro e perda destes elementos pendentes de utilización.

IV. ACTIVIDADE DA SOCIEDADE. ANÁLISE DA XESTIÓN.

Aspectos xerais

4.1. A creación da sociedade pública MEDTEC, S.A. responde a un intento do SERGAS de desenvolver mecanismos que permitan unha diversificación e dinamización dos provedores sanitarios públicos da Comunidade Autónoma.

Os seus estatutos establecen que o obxecto social será prioritariamente a prestación de servizos sanitarios de alta tecnoloxía, promocionando a eficacia, eficiencia e seguridade do sistema sanitario. Xunto a esta prioridade estatutaria, outras funcións atribuídas á sociedade son a consultoría especializada e o asesoramento técnico en distintos campos relacionados coas prestacións sanitarias.

Na súa actividade diferéncianse os servizos asistenciais prestados ós beneficiarios da seguridade social por encargo do SERGAS das prestacións técnicas (de consultoría ou xestión) dispensadas ó propio Servizo de saúde ou a outros clientes.

Para as prestacións asistenciais de servizos de alta tecnoloxía, o MEDTEC, S.A. está ligado co SERGAS mediante un convenio ou contrato-programa que vincula uns obxectivos de actividade a un financiamento público e que non obstante establece un teito máximo deste como medida de contención do gasto e de eficiencia na prestación dos servizos.

Para a consecución dos seus obxectivos a sociedade está dotada de autonomía plena de xestión e dun réxime de contratación sometido ó dereito privado. Esta flexibilidade permítelle incorporar un sistema de incentivos de persoal que busca unha maior motivación da que existe no ámbito público.

4.2. A través da análise da actividade da sociedade realizada no ano 1997, tratamos de verificar o grao

de aportación de maior eficacia, eficiencia e seguridade ó sistema que as tradicionais fórmulas empregadas na administración sanitaria. Un obxectivo deste informe de fiscalización era realizar unha análise comparativa da actividade das áreas de cirurxía cardíaca e diagnóstico por imaxe do MEDTEC, S.A. con outras similares de hospitais públicos, concretamente co Centro Hospitalario Juan Canalejo. Constituía o obxecto previsto desta análise comparativa as realizacións acadadas en relación coa demanda existente, o sistema de acceso a estas probas e o procedemento de control da demanda das propias unidades. Tamén, na medida do posible, o grao de implantación da contabilidade analítica e comparar os custos de actividade dos distintos procesos dos dous centros así como os prezos de adquisición dos materiais e funxibles empregados. Esta análise, sen embargo, non puido realizarse por canto aquel centro hospitalario non ofreceu a colaboración requirida por esta área do Consello de Contas.

No seu defecto, o traballo realizado orientouse a examinar a planificación existente na sociedade, o grao de execución do convenio co SERGAS, as desviacións económicas respecto das previsións contidas nos mesmos, as tarifas dalgúns dos produtos que consideramos máis uniformes en relación coas establecidas noutras comunidades autónomas e en relación cos custos que resultan da contabilidade analítica da sociedade e, por último, a adecuación das actividades realizadas pola empresa ó seu obxecto social.

O PAIF e o orzamento de explotación e capital

4.3. A Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia obriga ás sociedades públicas a elaborar con carácter anual un programa de actuación, investimentos e financiamento (PAIF), así como un orzamento de explotación e capital. O PAIF deberá recoller os investimentos reais e financeiros, as fontes de financiamento, os obxectivos a acadar e unha memoria de avaliación económica dos investimentos. Este programa someterase á aprobación do Consello da Xunta.

4.4. A sociedade presenta un programa de actuación como anexo ó proxecto de orzamento anual de

explotación e capital. Este programa inclúe para a actividade das unidades de alta tecnoloxía unhas previsións cuantificadas dos procesos e probas clínicas que pretende realizar. Os convenios de colaboración que concretan o encargo do SERGAS de execución destas prestacións non incorporan un maior detalle na planificación destas actividades. A análise da súa execución será obxecto de exposición no epígrafe referido ós convenios para prestación de servizos sanitarios.

As principais variacións entre os datos previstos no programa de actuación e a actividade desenvolvida atópanse no considerable incremento nos estudos de cardiología intervencionista. As resonancias dupláncense fronte a unha diminución dos TAC, e os pacientes de oncoloxía radioterápica foron case a metade dos previstos.

4.5. A actividade de consultoría, protección radiolóxica e xestión de programas de asesoramento externo, contéplase no mesmo documento aínda que dun xeito máis xenérico, sen detallar as actuacións concretas a desenvolver. Parecen salientarse como obxectivos concretos que o 20% dos controles radiolóxicos se extendan a empresas privadas fóra de Galicia e que as actividades de consultoría se espallen tamén fóra da nosa Comunidade Autónoma.

Os obxectivos determinados para as áreas de consultoría e programas externos veñen a coincidir coas funcións recollidas no obxecto social do Instituto. En ningún caso se especifican os obxectivos nin os indicadores que permitan avaliar o seu grao de cumprimento. O seu establecemento debe realizarse de forma que sexa posible medir e cuantificar a eficacia que se pretende acadar coa sociedade.

4.6. O programa de actuación prevé un investimento de 50.000.000 de pesetas para a adquisición dun TAC destinado á unidade de radioterapia. Este equipo, se ben foi adquirido inicialmente pola sociedade, cedeuse gratuitamente ó SERGAS como consecuencia de dificultades xurdidas na súa posta en funcionamento. Por conseguinte, non chegou a materializarse.

4.7. Os orzamentos de explotación e capital xúntanse a este programa. As desviacións producidas entre as cifras orzamentadas e realizadas foron analizadas no epígrafe relativo á análise dos estados financeiros. O MEDTEC, S.A. realiza un seguimento trimestral da execución orzamentaria, co que trata de explicar os motivos das desviacións producidas ó longo do exercicio respecto das previsións iniciais. As producidas nas áreas de alta tecnoloxía serán detalladas na análise de gastos realizada no epígrafe dos convenios de prestación de servizos sanitarios.

O convenio para a prestación de servizos sanitarios

4.8. No exercicio 1997 o MEDTEC, S.A. asinou dous convenios de colaboración co Servizo Galego de Saúde que reflicten dúas liñas de actuación diferenciadas por parte da sociedade. Un convenio para a prestación de servizos sanitarios polas unidades clínicas e outro para a xestión da Central de coordinación de urxencias médicas 061.

Respondendo ós obxectivos da prestación de actividade clínica a pacientes da seguridade social, o 1 de agosto de 1997 asínase o convenio para a prestación de servizos de cardiología intervencionista, cirurxía cardíaca, oncoloxía radioterapéutica e medicina nuclear, situadas fisicamente no Hospital Meixoeiro; radiodiagnóstico por imaxe, no Hospital Xeral-Cíes e radiocirurxía estereotáxica, da que unha parte do procedemento se realiza no Xeral-Cíes e outra no Meixoeiro.

Trátase de servizos sanitarios prestados a pacientes da Seguridade Social, respecto dos que a cobertura sanitaria lle corresponde ó SERGAS e que a sociedade asume a cambio dunha contraprestación económica. Por ser comprensivo da xestión dun servizo público, estaría excluído da tramitación contractual no réxime de publicidade e concorrència que establece a Lei 13/95, de Contratos das Administracións Públicas. Non obstante, o convenio reflicte un intercambio de prestacións por un prezo e non un financiamento conxunto dunha actividade polas dúas partes, polo que a súa relación é de natureza contractual.

Execución do convenio. Realizacións e desviacións.

4.9. Segundo os datos facilitados pola propia sociedade, as realizacións das actividades programadas respecto das previstas no programa de actuación son as seguintes:

ÁREA	ACTIVIDADE	PAIF	REALIZ.
Cirurxía cardíaca	Proceso clínico	482	545
	Cardiología intervencionista	895	2.076
Diagnóstico por imaxe	Procesos	300	175
	Resonancia	4.200	8.396
	TAC	2.800	2.316
Medicina nuclear	Exploracións	6.050	7.620
Oncoloxía radioterápica	Pacientes	700	468

4.10. O financiamento das actividades concertadas combina un modelo de unidade de pago por proceso ou servizo cun orzamento global máximo. Os obxectivos de actividade determínanse de acordo coas previsións da demanda asistencial e da capacidade productiva da empresa. O aboamento dos produtos realízase de acordo coas tarifas prefixadas no convenio, ata o tope daquel orzamento máximo que se establece como estímulo para un uso máis eficiente dos recursos e de contención do gasto.

Para 1997 este prezo global derivado dos dous convenios que tiveron vixencia nese ano foi de 1.502.880.148 pesetas. O seu desglose por unidades foi o seguinte:

Concepto	Importe estimado anual
Cardiología interv.e cirurxía cardíaca	957.011.340
Radiodiagnóstico e medicina nuclear	300.868.808
Oncoloxía radioterapéutica	245.000.000
Radiocirurxía estereotáxica	(*)
Total	1.502.880.148

(*) O importe estimado para este programa non se contabiliza a cargo deste convenio, xa que se financiará con cargo ós hospitais que o soliciten para os seus pacientes.

4.11. A disciplina financeira que se pretende conseguir no gasto sanitario coa xestión da sociedade conleva que se a demanda asistencial resulta superior á prevista o maior gasto desta actividade será soportado polo MEDTEC, S.A. Sen

embargo, o 12 de decembro de 1997 asínase unha cláusula adicional ó convenio antes sinalado pola que se modifica o seu importe anual máximo elevándoo en 270.000.000 de pesetas. Queda establecido así en 1.772.880.148 pesetas.

Este incremento, xustificando no aumento da actividade e na necesidade de reducir as listas de espera, cuestiona a eficiencia que para o ano 1997 se esperaba da sociedade e pode distorsionar a equidade na distribución territorial dos recursos sanitarios.

4.12. Este incremento adicional non foi, sen embargo, suficiente para atender toda a actividade demandada do MEDTEC, S.A., que chegou a facturar servicios por importe de 2.015.607.908 pesetas e, en consecuencia, asumiu ó seu cargo un gasto de 242.727.759 pesetas. O desglose da facturación por unidades reflíctese neste cadro⁶:

UNIDADE	FACTURACIÓN	CONVENIO	DESVIACIÓN
D.I.	352.377.074	288.704.985	63.672.089
M.N.	108.183.385	76.744.363	31.439.022
C.C.	713.283.341	569.591.092	143.692.249
C.I.	727.144.352	592.839.709	134.304.643
R.T.	114.619.756	245.000.000	-130.380.244
Totais:	2.015.607.908	1.772.880.149	242.727.759

Os resultados da actividade do MEDTEC, S.A. poñen de manifesto que os obxectivos para o ano 1997 estaban por debaixo da demanda dos servicios que necesita a área de referencia dos hospitais nos que actúa, ou que respecto dalgúns servicios, como os de resonancia magnética, existe unha suprautilización.

Por outro lado, na área de cirurxía cardíaca advírtese que a facturación ó SERGAS acadou a desviación máis destacable das producidas nas distintas áreas, respecto das previsións iniciais. Sen embargo, o exceso de actividade sobre as previsións non é suficientemente relevante para explicar esta desviación.

⁶ Datos obtidos de documentación de control orzamentario, facilitada polo MEDTEC, S.A.

4.13. Os gastos das unidades en relación coas previsións iniciais experimentaron un incremento global de 141.910.311 pesetas. As desviacións producidas nas distintas unidades, entre as que destaca a existente na de cirurxía cardíaca, móstranse no cadro¹ seguinte:

DESVIACIÓNS GASTOS			
UNIDADE	PREVISIÓN	GASTOS	DESVIACIÓN
D.I.	198.917.306	234.565.509	-35.648.203
M.N.	103.401.069	96.550.997	6.850.072
C.C.	557.483.944	727.007.746	-169.523.802
C.I.	505.959.284	472.038.777	33.920.507
R.T.	222.406.003	196.651.446	25.754.557
F.M.	79.500.171	82.763.613	-3.263.442
Totais:	1.667.667.777	1.809.578.088	-141.910.311

O aumento do gasto, aínda que poida estar xustificando no incremento de actividade, choca co obxectivo de eficiencia que se pretende da sociedade para conter o gasto público sanitario.

Por outro lado, só as unidades de diagnóstico por imaxe e cardiología intervencionista presentan resultados positivos, as outras son deficitarias. En consecuencia, as tarifas desas dúas unidades estarían por encima dos custos de produción dos seus servicios e financiando os déficits das demais. O seguinte cadro⁷ mostra os resultados de cada unha:

UNIDADE	INGRESOS	GASTOS	RESULTADO
D.I.	288.704.985	234.565.509	54.139.476
M.N.	76.744.363	96.550.997	-19.806.634
C.C.	569.591.092	727.007.746	-157.416.654
C.I.	592.839.709	472.038.777	120.800.932
R.T.	124.419.756	196.651.446	-72.231.690
F.M.	76.753.089	82.763.613	-6.010.524
Totais:	1.729.052.944	1.809.578.088	-80.525.094

4.14. A remisión de pacientes beneficiarios do SERGAS á asistencia prestada polo MEDTEC, S.A. determínase polos facultativos da asistencia especializada das distintas áreas de saúde. No convenio prevese que este acceso deberá ser autorizado polas unidades de control de convenios das direccións provinciais. Este control realízase, sen embargo, a posteriori, cando o MEDTEC, S.A. remite a facturación. Os criterios que motivan o

⁷ Datos obtidos de documentación de control orzamentario, facilitada polo MEDTEC, S.A.

rexeitamento da facturación do MEDTEC, S.A. e, polo tanto, que censuran as derivacións de pacientes á realización de probas diagnósticas ou servicios de alta tecnoloxía, refírense a erros na facturación, pero non á efectividade, necesidade real ou calidade da atención sanitaria.

Insístese en que a inexistencia de filtros das peticións destes médicos, por parte das unidades de control que avalíen o acceso de doentes ós servicios do MEDTEC, S.A. en termos da efectividade e utilización apropiada dos mesmos, denota a ausencia de garantías suficientes para asegura-la eficiencia no uso duns recursos sanitarios que son os máis caros do sistema.

A ausencia destes criterios de avaliación pode dar lugar a unha suprautilización ou hiperconsumo das mesmas, especialmente TAC e resonancias magnéticas, co conseguinte aumento do número de exploracións por paciente e o risco de custos e listas de espera maiores ás debidas. É significativo que cunha previsión de demanda de 4.200 resonancias, segundo o PAIF, realizáronse 8.396.

Os responsables das decisións clínicas sobre a utilización dun bo número de recursos do MEDTEC, S.A. que hai que dedicar ós pacientes son facultativos que non están encadrados na organización da sociedade e, polo tanto, que están á marxe de todo o sistema de incentivación que aquela establece para fomentar un comportamento eficiente na asignación dos recursos. É dicir, persoal, alleo ós estímulos de eficiencia do MEDTEC, S.A. xoga, en boa medida, un papel determinante na consecución daquela. Se ben estes incentivos económicos non son extensibles a este persoal, existen outros mecanismos para incentivar prácticas clínicas que limiten a suprautilización ou hiperconsumo dos servicios, como poden ser a avaliación da efectividade das probas diagnósticas e tratamentos, e a súa difusión posterior.

Custos de actividade.

4.15. En 1997 o MEDTEC, S.A. tiña deseñado un sistema de contabilidade analítica para a determinación do custo de cada un dos procesos ou servicios xestionados pola sociedade. Destacamos a

importancia dese instrumento de xestión que lle permitirá coñecer as desviacións, tanto cuantitativas como cualitativas, nos gastos e o custo dos seus servicios e que servirá de base para negociar as tarifas e o orzamento dos exercicios seguintes.

4.16. A partir dos datos ofrecidos por este sistema de contabilidade realizamos unha comparación dos custos dalgúns probas ou servicios das áreas de cirurxía cardíaca e diagnóstico por imaxe coas tarifas que a sociedade percibe do SERGAS por estes mesmos produtos. O resultado foi o seguinte:

UNIDADE DE CIRURXÍA CARDÍACA

CONCEPTO	INGRESO S/CONVENIO	CUSTO POR PROCESO	DIFERENCIA
Revascularización miocárdica con láser	1.420.000	1.285.379	134.621
By-Pass coronario	1.234.000	1.149.095	84.905
Reoperación de by-pass coronario	1.234.000	892.280	341.720
Peche de C.I.V. Post-IAM	1.203.000	2.593.464	-1.390.464
Reparación/Reemplazo valvular	1.187.852	1.917.305	-729.453
Reoperación de prótese valvular	1.207.000	2.721.609	-1.514.609
Cirurxía combinada	1.293.000	2.159.521	-866.521
C.Cardiorácica sen C.E.C.	799.000	571.201	227.799
C.Cardiorácica con C.E.C.	1.189.255	1.207.511	-18.256
Cirurxía aneurismas aórticos con C.E.C	1.337.284	7.643.988	-6.306.704
Cirurxía de arritmias sen C.E.C	768.228	574.255	193.973
Cirurxía contaminada	826.502	N/C	N/C

UNIDADE DE DIAGNÓSTICO POR IMAXE

CONCEPTO	INGRESO S/CONVENIO	CUSTO POR PROCESO	DIFERENCIA
Resonancia Nuclear Magnética Simple	40.000	19.398	20.602
Resonancia Nuclear Magnética Dobre	60.000	38.795	17.359
Contraste	8.000	7.789	250
Anestesia	15.000	21.287	-6.092
Tomografía axial computerizada	15.000	18.387	-3.387
Tomografía axial computerizada dobre	25.000	36.853	-11.853
Tomografía axial computerizada triple	35.000	55.161	-20.161

Na unidade de cirurxía cardíaca, sen dúbida como consecuencia dos elevados gastos directos relacionados no punto anterior, que reflectían un importante resultado negativo da unidade, os custos de cada proceso atópanse por encima das tarifas que percibe do SERGAS. Na unidade de diagnóstico por imaxe as resonancias magnéticas reflecten unhas tarifas moi superiores ós seus custos, ó contrario dos TAC que están por enriba das tarifas, sen dúbida polos poucos procesos acometidos no ano 1997.

4.17. O MEDTEC, S.A. nace coa pretensión de ser un modelo eficiente na xestión dos recursos

sanitarios. Os prezos das probas e tratamentos constitúen un compoñente determinante desta eficiencia do organismo. O establecemento das tarifas por servizo realízase, segundo se nos indica, sobre a base dunha aproximación ó promedio dos custos establecidos nos concertos en vigor ata o momento, ós prezos vixentes noutras comunidades autónomas, e tamén en función dos custos de funcionamento da sociedade. Aínda limitados pola falta da existencia de codificación e uniformidade nos produtos dispensados polos distintos centros sanitarios, a comparación realízámola respecto do prezo daqueles servizos que estimamos máis homoxéneos.

CONCEPTO	MEDTEC	GALICIA*
Radiodiagnóstico		
Resonancia nuclear magnética	40.000	32.005
Resonancia nuclear magnética dobre	60.000	45.575
Tomografía Axial Computerizada	15.000	14.799
Tomografía Axial Computerizada dobre	25.000	
Tomografía Axial Computerizada triple	35.000	
Contraste	8.000	8.421
Anestesia	15.000	15.000
Medicina Nuclear		
Gammagrafía:		
Grupo I	7.500	8.732
Grupo II	16.000	18.045
Grupo III	33.900	33.982
Grupo IV	52.925	58.405
Tratamentos con isótopos:		
I-131 Hipertiroidismo	33.500	32.500
I-131 Ca.Tiroides	103.965	99.873
Itrio-90	40.430	37.778

* Tarifas aplicables á prestación de asistencia sanitaria concertada polo Servizo Galego de Saúde

Para facer unha análise rigurosa deste elemento precisaríase comparar a totalidade dos prezos da carteira de servizos da sociedade cos existentes no mercado. A falta de homoxeneidade total nestes servizos impide realizala; non obstante, respecto dos examinados, advertimos que as tarifas fixadas no convenio son semellantes ás establecidas pola propia Comunidade Autónoma para os concertos sanitarios asinados con institucións privadas, e tamén coas fixadas noutras comunidades autónomas. Non obstante, constatamos o maior custo dalgunhas das dispensadas polo MEDTEC, S.A. na área de radiodiagnóstico e medicina nuclear respecto de probas que, polas súas características, parecen presentarse cun maior grao de uniformidade.

A percepción de tarifas do SERGAS nas unidades de diagnóstico por imaxe e cardiología intervencionista por encima dos custos de produción destes servizos e de tarifas superiores ós prezos dos servizos concertados con outros hospitais privados na área de radiodiagnóstico, non supón unha actuación eficiente do MEDTEC, S.A.

Realizada a comparación das correspondentes ós exercicios 1996 e 1997, chegamos ás seguintes conclusións:

a) Na unidade de cardiología intervencionista, as tarifas diminuíron con respecto o ano 1996, ano no que xurden novos tratamentos nesta unidade.

b) En cirurxía cardíaca, obsérvase algún incremento puntual, destacando o relativo á revascularización miocárdica con láser que pasou de 1.216.372 a 1.420.000 pesetas. No resto, non se advirten variacións.

c) Tamén permanecen invariables as tarifas na unidade de radiodiagnóstico por imaxe. Destacar unicamente a incorporación dos tratamentos de TAC dobre e TAC triple, cunhas tarifas moito máis elevadas que as do TAC simple.

d) En medicina nuclear, a gammagrafía desdóbrase en 4 grupos con tarifas que van desde as 7.500 pesetas ata as 52.925 pesetas. No exercicio 96 existía unha tarifa única de 14.000 pesetas. Xurde tamén como novidade o tratamento con isótopos. En canto ó laboratorio R.I.A., as tarifas incrementáronse nun 3,2% con respecto ó ano anterior (trátase de importes, todos eles, inferiores a 3.500 pesetas).

4.18. A utilización gratuíta por parte do MEDTEC, S.A. de instalacións hospitalarias da Comunidade Autónoma debía reflectirse nun menor prezo das tarifas como consecuencia da falta de repercusión dos custos de amortización que non asume a sociedade. Nos convenios establécese que o Instituto compensará ós hospitais Meixoeiro e Xeral-Cíes, pola localización das súas unidades, os custos que estes deban soportar na realización das actividades obxecto do convenio. Unha cláusula adicional do mesmo establece a forma de determinación das cantidades aboadas en relación

coa utilización do hospital Meixoeiro e que se concreta nunha compensación de gastos individualizada por estancia de paciente ou nunha participación nos custos dos servicios xerais no caso de usuarios que non causen estancia. O Instituto, en 1997, non aboou ó hospital Meixoeiro os gastos ocasionados polas actividades desenvolvidas nas dependencias daquel centro desde os meses de xullo a decembro por importe de 69.716.000 pesetas.

4.19. Da análise da documentación facilitada pola sociedade advertimos que a utilización destas instalacións por parte do MEDTEC, S.A. realízase sen título xurídico formal algún. Constatamos así mesmo, que as cantidades que aboa a sociedade ó SERGAS por esta ocupación non inclúe ningunha contraprestación pola utilización do edificio.

Control de calidade.

4.20. A calidade clínica destes servicios está corroborada, segundo se indica pola sociedade, por estatísticas e informes de auditoría realizados por especialistas de coñecido prestixio. Tamén polas enquisas de opinión realizadas por empresas externas entre os usuarios dos servicios. Estes controles comezaron a practicarse na sociedade no exercicio 1997.

A acreditación da calidade clínica debe obedecer ás pautas que para a súa medición e verificación están establecidas e vixentes nos demais centros públicos. Non debe ser a sociedade quen se encarge de establece-los mecanismos de control de calidade. Os informes de especialistas de prestixio, encargados e aboados pola sociedade deben ser, en todo caso, adicionais dun control público máis regulado.

Xestión de recursos humanos e aprovisionamentos.

4.21. A motivación dos recursos humanos é outro dos compoñentes da xestión que pretende introducir a sociedade para a consecución da eficiencia perseguida. Na súa busca trata de vincular parte do sistema retributivo ó cumprimento de determinados obxectivos previamente fixados. Non obstante, o

sistema de incentivación establecido polo MEDTEC, S.A. non se amosa adecuado para un traslado efectivo de riscos sobre os beneficios ou perdas que recaian sobre os directivos e traballadores en función da eficiencia da súa xestión. É significativo que a unidade de cirurxía cardíaca sexa a que máis incentivos percibe (27.706.358 pesetas) cando é a que presenta as perdas máis importantes do organismo (157.416.654 pesetas).

4.22. Tampouco a xestión dos investimentos e aprovisionamentos aporta indicios de eficiencia do gasto sanitario. Antes ó contrario, o MEDTEC, S.A. xeraliza a fórmula de arrendamento financeiro para a adquisición de todo tipo de material, non só de alta tecnoloxía sanitaria. Este método implica un maior custo financeiro e do tipo de IVA na adquisición do seu inmovilizado.

Resulta evidente que a Xunta, como accionista único, actúa de garante das operacións de endebedamento que asume a sociedade na adquisición dos equipos de alta tecnoloxía. Esta medida implica que o novo modelo de xestión da empresa pública na prestación de servicios sanitarios antes que acadar, como se pretende, un maior grao de disciplina financeira no gasto público vai a xerar maior débeda para a administración como consecuencia do endebedamento da sociedade a través de fórmulas contractuais de prezo aprazado (leasing), que non se permiten á administración precisamente como medida de contención do gasto público.

Na xestión das adquisicións dos aprovisionamentos, a intervención dos facultativos ten maior peso que a da unidade administrativa que busca criterios de economicidade no gasto. Destaca tamén a falta de intervención da xerencia do Instituto neste proceso. Por outro lado, a falta de publicidade para estes contratos de subministros reduce as posibilidades de recibir as ofertas con prezos máis depurados polo mercado.

Outras actividades da sociedade

4.23. A intervención do MEDTEC, S.A. na Central de coordinación de urxencias 061, cualificada como

de xestión deste servizo, consiste basicamente na aportación dos medios humanos e materiais precisos para o funcionamento daquel centro. A dirección da Central corre a cargo da Dirección Xeral de Atención Primaria do SERGAS que a exerce a través dunha directora técnica nomeada para estes efectos. As funcións desenvolvidas pola sociedade, referidas á aportación de persoal e medios, non poden ser cualificadas como de xestión de servizos sanitarios, nin sequera como actividades conexas desta xestión e polo tanto de difícil encadre entre as propias das recollidas no obxecto social da mesma, baseadas fundamentalmente na prestación de servizos de alta tecnoloxía.

Por outro lado, a xestión deste servizo no ano 1997 supuxo un sobredimensionamento da sociedade polo volume dos recursos humanos afectos ó mesmo, que a 31 de decembro acadaba o 45% de todo o persoal do MEDTEC, S.A., coa conseguinte carga de xestión que era inadecuadamente compensada polo SERGAS. A comisión por xestión que percibiu a sociedade, reduciuse a un 1,5% do importe total do gasto deste programa.

O informe de fiscalización deste Consello de Contas relativo ó exercicio 1996 recomendou reconsiderar a intervención do MEDTEC, S.A. na Central de coordinación de urxencias 061.

Á data de redacción deste informe, a xestión da central de coordinación de urxencias tíñase desvinculado da sociedade e encomendada a unha fundación pública creada especificamente para este fin polo Decreto 172/1999, do 27 de maio.

4.24. A sociedade presta en 1997 servizos en programas de consultoría e protección radiolóxica que, a diferenza da regulación producida no exercicio anterior, non están establecidos en convenios de colaboración. Tampouco consta un encargo formal ou un contrato administrativo que os ligue co Servicio Galego de Saúde. Estas prestacións por ser obxecto de servizos típicos dos contratos administrativos deberían terse tramitado conforme á Lei 13/95, de Contratos das Administracións Públicas, nun réxime de publicidade e concorrencia ou ben xustificar

documentalmente as razóns da súa exclusión destes principios.

4.25. A intervención do MEDTEC, S.A. contratando persoal para a tramitación dos expedientes de autorización de oficinas de farmacia non ten conexión algunha co obxecto social do Instituto. Tampouco está amparada en ningún contrato nin outro encargo formal por parte do SERGAS. En todo caso, entendemos que se trata dunha actividade propia das funcións administrativas da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais e, polo tanto, un cometido que non debería asumir a sociedade, e unha utilización inadecuada da mesma por parte do SERGAS.

4.26. Outros cometidos que xestiona a sociedade, como o plano sociosanitario, tamén son dificilmente encadrables dentro do seu obxecto social. Por outro lado, resulta difícil xustificar a actuación da sociedade na contratación de traballos de asesoramento ó Servicio Galego de Saúde encargados a profesionais independentes respecto do anteproxecto da Lei de Farmacia e da Lei de Sanidade de Galicia. A sociedade encarga estes estudos para o SERGAS sen aportar ningún tipo de actuación propia nos mesmos.

V. CONCLUSIÓNS.

Respecto dos estados financeiros

5.1. As contas anuais da sociedade correspondentes ó exercicio 1997 foron auditadas por Arthur Andersen Auditores, S.A. y Cía., S.Com., que presentan unha opinión favorable, agás -segundo se indica no seu informe- polos efectos de calquera axuste que puidera ser necesario se se coñecera o desenlace final das incertezas referidas ó tratamento fiscal aplicable ós servizos que MEDTEC, S.A. presta na xestión da Central de coordinación de urxencias 061.

A esta salvidade engadimos as detalladas no epígrafe II deste informe, relativo á análise dos estados financeiros.

5.2. A modalidade de adquisición dos seus activos, polo sistema de arrendamento financeiro, provoca un importante endebedamento da sociedade que en última instancia vincula ó SERGAS como único accionista.

En relación co cumprimento da normativa aplicable

5.3. Os incentivos que percibe o persoal do MEDTEC, S.A., que veñen significando un 20% das súas retribucións, non están contemplados no cadro retributivo que se envía a informar ás direccións xerais de orzamentos e función pública. É dicir, o aboamento destes incentivos non conta co informe favorable preceptivo que require a correspondente lei de orzamentos anual para a determinación das condicións retributivas do persoal das sociedades públicas.

5.4. Existen casos nos que estes incentivos se aboan en cuantía superior á estipulada nos contratos individuais⁸. Noutro persoal acumúlanse estes complementos con outros que responden ós mesmos obxectivos e que se aboan voluntariamente por iniciativa das direccións técnicas sen estar contemplados nos contratos.

5.5. No proceso para a selección de persoal laboral fixo non existiu un baremo coa ponderación dos méritos a valorar, nin a súa determinación en cada unha das fases do proceso. A comisión nomeada para a selección de persoal en dúas unidades está composta por persoas que participan como candidatos a ocupar eses mesmos postos e que resultan seleccionados.

5.6. Existen contratos de obra ou servicio determinados nos que as descrições das tarefas a realizar non permiten afirmar que teñan substantividade propia dentro da empresa, nin natureza temporal, tal como esixe para a súa validez a normativa reguladora deste contrato.

5.7. A utilización de empresas de traballo temporal para cubrir postos temporais do organismo supón unha omisión dos principios de publicidade, igualdade, mérito e capacidade na contratación, ademais dunha ineficiencia na utilización dos recursos públicos por non utilizar os servicios oficiais de colocación. Tamén conleva a posibilidade de incrementar o cadro de persoal sen contar coas autorizacións que nesta materia e na retributiva, establece a lei de orzamentos anual.

5.8. En ningún dos contratos de servicios examinados con profesionais independentes se respectaron os principios de publicidade e concorrência esixibles por aplicación da Lei 10/96, de actuación de entes.

5.9. Atopamos relacións mercantís de profesionais co MEDTEC, S.A. nas que as características do réxime de prestación de servicios están máis próximas dunha natureza laboral que mercantil. No director da unidade de cirurxía cardíaca coexisten ámbalas dúas relacións, laboral e mercantil, para a prestación dos mesmos servicios. A utilización inadecuada das relacións mercantís implica tamén un incremento de cadro de persoal e dos gastos de persoal sen contar coas autorizacións esixibles en materia retributiva.

5.10. Algunhas das tarefas encomendadas a través de arrendamentos de servicios de natureza mercantil consideramos que non son susceptibles de externalización senón propias de relacións laborais da empresa. Son exemplos os casos das funcións de organización do quirófano e programación do persoal non facultarivo na área de cirurxía cardíaca e dirección e planificación da área de cardiología intervencionista.

5.11. O Instituto asina un contrato para a prestación dos servicios de gardas médicas coa empresa CARSURGE, S.L. cando aínda esta última estaba sen constituír e abóalle servicios anteriores á data de sinatura do contrato. Os dous socios e administradores solidarios desta empresa son profesionais vinculados laboralmente ó MEDTEC,

⁸ Parágrafo modificado como consecuencia das alegacións.

S.A. Como tales, estarían infrinxindo a normativa de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas por traballar para esta empresa sen ter autorización de compatibilidade conforme á Lei 53/84, aplicable a tódalas empresas públicas cunha participación da administración que superan o 50% no seu capital social.

5.12. Resulta difícil xustificar a actuación da sociedade na contratación de traballos de asesoramento ó Servizo Galego de Saúde, encargados a profesionais independentes, respecto dos anteproxectos da Lei de Farmacia e da Lei de Sanidade de Galicia. A sociedade encarga estes estudos para o SERGAS sen aportar ningún tipo de actuación propia nos mesmos.

5.13. O procedemento de adquisición de material funxible pola unidade administrativa que xestiona as unidades clínicas non respecta a publicidade que establece a Lei 10/96, de creación de entes.

Sobre a xestión e execución dos convenios

5.14. A sociedade presenta un programa de actuación no que cuantifica, respecto das unidades clínicas, as previsións dos procesos ou probas a realizar. Non obstante, os obxectivos determinados para as áreas de consultoría e programas externos non se detallan de forma que sexa posible medir e cuantificar a eficacia que se pretende acadar coa creación da sociedade.

5.15. A disciplina financeira que se pretende conseguir no gasto sanitario coa xestión da sociedade conleva que se a demanda asistencial resulta superior á prevista o maior gasto desta actividade será soportado polo MEDTEC, S.A. Sen embargo, a limitación orzamentaria inicial elevouse en 270.000.000 de pesetas. Aínda así o MEDTEC, S.A. asumíu ó seu cargo servizos prestados por importe de 242.727.759 pesetas.

5.16. O acceso ó MEDTEC, S.A. de doentes determinanno facultativos da asistencia especializada que non están encadrados na

organización da sociedade. A falta de controles por parte do SERGAS destas remisións implica a ausencia de garantías suficientes que aseguren a eficiencia no uso duns recursos sanitarios que son os máis caros do sistema.

5.17. O cobro de tarifas do SERGAS nas unidades de diagnóstico por imaxe e cardioloxía intervencionista por encima dos custos de produción destes servizos e dos prezos dos servizos concertados na área de radiodiagnóstico contrasta co obxectivo de eficiencia que se pretende da sociedade para conter o gasto público sanitario. O aumento do gasto sobre as previsións iniciais nas unidades clínicas, aínda que poida estar xustificado no incremento de actividade, produce o mesmo efecto. Só as unidades de diagnóstico por imaxe e cardioloxía intervencionista presentan resultados positivos; as outras son deficitarias. En consecuencia, as tarifas desas dúas unidades estarían por encima dos custos de produción dos seus servizos e financiando os déficits das demais.

5.18. Constatamos un maior prezo dalgúns tarifas aplicadas polo MEDTEC, S.A. na área de radiodiagnóstico respecto do establecido noutros concertos do SERGAS en relación con probas que, polas súas características, parecen presentarse cun maior grao de uniformidade para comparar.

5.19. A utilización gratuíta por parte do MEDTEC, S.A. de instalacións hospitalarias da Comunidade Autónoma debía reflectirse nun menor prezo das tarifas como consecuencia da falta de repercusión dos gastos de amortización, que non asume a sociedade. Ademais, o hospital Meixoeiro condonoulle os gastos ocasionados polas actividades desenvolvidas nas súas dependencias desde os meses de xullo a decembro por importe de 69.716.000 pesetas.

5.20. O sistema de incentivación establecido polo MEDTEC, S.A. non se amosa adecuado para un traslado efectivo de riscos sobre os beneficios ou perdas que recaían sobre os directivos e traballadores en función da eficiencia da súa xestión. É significativo que a unidade de cirurxía

cardíaca sexa a que máis incentivos percibe cando é a que presenta os déficits máis importantes do organismo.

5.21. O MEDTEC, S.A. xeraliza a fórmula de arrendamento financeiro para a adquisición de todo tipo de material, non só de alta tecnoloxía sanitaria⁹. Resulta evidente que a Xunta, como accionista único, actúa de garante das operacións de endebedamento que asume a sociedade na adquisición dos equipos de alta tecnoloxía. Esta medida implica que o novo modelo de xestión da empresa pública na prestación de servizos sanitarios antes que acadar, como se pretende, un maior grao de disciplina financeira no gasto público vai a xerar maior débeda para a administración como consecuencia do endebedamento da sociedade a través de fórmulas contractuais de prezo aprazado (leasing), que non se permiten á administración precisamente como medida de contención do gasto público.

5.22. A falta de publicidade, fóra das tres consultas solicitadas por regra xeral, para os contratos de subministros para as unidades clínicas reduce as posibilidades de recibir as ofertas con prezos máis depurados polo mercado.

5.23. Os servizos de consultoría e protección radiolóxica que presta a sociedade ó SERGAS non están establecidos en convenios de colaboración. Tampouco consta un encargo formal ou un contrato administrativo que os ligue co Servicio Galego de Saúde. Estas prestacións, por ser obxecto de servizos típicos dos contratos administrativos, deberían terse tramitado conforme á Lei 13/95, de Contratos das Administracións Públicas, nun réxime de publicidade e concorrencia ou ben xustificar documentalmente as razóns da súa exclusión destes principios.

5.24. Os programas de oficinas de farmacia e xestión do programa sociosanitario tampouco están amparados en ningún contrato nin noutro encargo formal por parte do SERGAS. En todo caso, trátase de actividades propias da consellería de Sanidade

non encadrables no obxecto social do MEDTEC, S.A.

5.25. Os servizos que presta na xestión da Central de coordinación de urxencias non constitúen unha actividade que se autofinancie independentemente da subvención, senón que esta será o prezo que aboa o SERGAS pola súa prestación; en consecuencia, a súa verdadeira natureza corresponde a ingresos por prestación de servizos.

5.26. As actividades da sociedade do exercicio 1997 poñen de manifesto que o SERGAS será o cliente case exclusivo da sociedade. Non se advierte incremento da actividade fóra do ámbito do SERGAS respecto da de 1996. A identificación, vía institucional, da propiedade e máis o cliente do MEDTEC, S.A. conleva que aquela asegure tanto a capacidade productiva como a cota de mercado que a administración decida, sen ver sometidos os prezos dos seus servizos á libre competencia do mercado. Esta circunstancia, xunto coa utilización gratuíta pola sociedade de instalacións da Comunidade Autónoma para o desenvolvemento das súas funcións e a condonación de parte dos gastos nos que incorre dentro do hospital Meixoeiro, parecen levar á entidade a unha situación de privilexio en relación con outros axentes do mercado que pode alterar o principio de libre competencia.

5.27. As previsións de gasto de orzamento de explotación e capital adoecen de falta de rigor na súa elaboración. En consecuencia, as cifras que aproba a Xunta e o Parlamento non son as que realmente rexen a actividade do MEDTEC, S.A., producíndose diferencias importantes entre a planificación reflectida oficialmente e a execución interna da sociedade.

VI. RECOMENDACIÓNS.

Estados financeiros

6.1. O MEDTEC, S.A. debe ter en conta, para a formulación das súas contas anuais, o establecido na

⁹ Parágrafo modificado como consecuencia das alegacións.

Orde do 23 de decembro de 1996 do Ministerio de Economía e Facenda (BOE do 6.1.97) pola que se aproban as normas de adaptación do Plano xeral de contabilidade ás empresas de asistencia sanitaria, de aplicación obrigatoria para os exercicios que se inicien con posterioridade ó 31 de decembro de 1996 a tódalas empresas que realicen a actividade indicada, xa sexa de forma exclusiva ou conxuntamente con outras actividades ordinarias.

Planificación

6.2. A sociedade deberá profundizar na elaboración dun programa anual de actuación, investimentos e financiamento que amose a planificación xeral da súa actividade a un nivel de agregación adecuado que permita apreciar os obxectivos que vai a conseguir a medio prazo e no ano económico correspondente ó exercicio orzamentado. Xunto ós obxectivos fixaranse os indicadores que permitan valorar o nivel de execución daqueles, así como o grao de realización dos programas e dos recursos da sociedade.

Contratación

6.3. Deberá reducir a cobertura de postos de traballo a través de empresas de traballo temporal, na medida que se trata dun procedemento que non garante a igualdade de oportunidades no emprego público, e que non se atopa contemplada como fórmula de acceso ó emprego temporal pola Lei 10/96, de 5 de novembro, de actuación de entes e empresas con participación maioritaria da Xunta de Galicia, en materia de persoal e contratación.

6.4. Utilizar procedementos de contratación de servizos e subministros que garantan os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade, ou deixar constancia documental da inadecuación destes principios para a natureza de determinadas operacións, de se-lo caso.

6.5. A sociedade deberá instrumentar as prestacións de servizos ó SERGAS que non consisten na xestión de servizos públicos a través de contratos,

con tódalas implicacións contables e fiscais que o réxime contractual demanda.

6.6. Antes de efectuar unha contratación polo procedemento de arrendamento financeiro, débense razoar as circunstancias que aconsellan dita modalidade (economía e oportunidade) e unir ditos razonamentos ó oportuno expediente de contratación.

6.7. Debería reducir o campo de actuación ás actividades propias do seu obxecto social, rexeitando aquelas que resulten alleas ós fins básicos para os que a sociedade foi creada. Neste sentido, reconsiderar a súa actuación no programa socio-sanitario de Galicia ou de oficinas de farmacia.

6.8. A sociedade deberá reconducir as relacións mercantís existentes a laborais na medida en que o réxime de prestación de servizos sexa propio desta última, e solicitar con carácter previo a autorización retributiva esixida pola Lei de Orzamentos.

Retribucións

6.9. O MEDTEC, S.A. deberá solicita-lo informe preceptivo das Consellerías de Economía e Presidencia respecto dos incentivos que aboa ó seu persoal, ser máis riguroso na súa determinación e evita-la discrecionalidade no aboamento doutros complementos establecidos voluntariamente.

6.10. Os traballos realizados polo persoal do MEDTEC, S.A. fóra do horario normal que se aboan con complementos destinados a primar a dedicación ou dispoñibilidade horaria deben te-la consideración de horas extras e, en consecuencia, aplicarlle a lexislación laboral sobre esta materia.

Control do acceso ás probas clínicas

6.11. A sociedade debe establecer mecanismos de control axeitados para asegurar a efectividade e necesidade das probas solicitadas polos facultativos

do SERGAS e, en definitiva, a racionalidade do gasto na realización dos servizos dispensados.

todo caso, adicionais dun control público máis reglado.

Control de calidade

Santiago, 2 de xuño de 1999

6.12. A acreditación da calidade clínica debe obedecer ás pautas que para a súa medición e verificación están establecidas e vixentes nos demais centros públicos. Non debe ser a sociedade quen se encargue de establecer os medios de control de calidade. Os informes de especialistas de prestixio, encargados e aboados pola sociedade deben ser, en

Asdo.: Francisco J. Constenla Acasuso
Conselleiro da Área Institucional